

22

MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

2.2. Custos e salarios

2.3. Relacións laborais e formación

2.1. Actividade, ocupación e desemprego

O 9 de maio de 2021 finalizou o estado de alarma establecido polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para limitar a propagación das infeccións causadas polo SARS-Cov-2. A persistencia dos efectos negativos sobre as empresas e o emprego da situación de emerxencia sanitaria, deriva no mantemento das medidas excepcionais no ano 2021. Neste senso o Real Decreto-Lei 11/2021, de 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, prorroga as medidas de flexibilidade adoptadas dende o comezo da crise sanitaria, prorroga as medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego, así como todas aquelas medidas complementarias de protección do emprego.


Co obxectivo de prorrogar as medidas asociadas ao réxime especial de regulación temporal do emprego, apróbase o Real Decreto- Lei 18/2021, de 28 de setembro, de medidas urxentes para a protección do emprego, a recuperación económica e a mellora do mercado de traballo.

O mercado de traballo no ano 2021 segue a verse afec-

tado polas consecuencias derivadas da crise sanitaria e polas medidas que se seguen a manter co obxecto de limitar o seu alcance.

Tal como acontece en memorias anteriores, a obtención de datos estatísticos veuse condicionada tanto pola vixencia do estado de alarma no primeiro trimestre no ano 2021, como polas distintas fases de desescalada. En especial, no que respecta ás variables medidas pola Enquisa de Poboación Activa (EPA), os traballadores afectados por expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) clasifícanse como ocupados no caso de existiren unha garantía de reincorporación ao seu posto de traballo, así mesmo os traballadores afectados por un ERTE con redución de xornada son ocupados, reflectíndose dita redución nas horas de traballo realizadas; doutra banda, as limitacións de mobilidade e o cese de moitas actividades restrinxen a procura activa de emprego e a dispoñibilidade para traballar, o que determina que unha persoa non se clasifique como parada senón como inactiva segundo a EPA, o que contribúe ao incremento da categoría de inactivos no segundo trimestre de 2021 e a posterior evolución contraria no terceiro e no cuarto

Evolución trimestral da ocupación e o desemprego en Galicia 2020-21. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE; EPA, Contas económicas, Afiliación á Seguridade Social, Demandas de emprego e colocacións

2.1.1.

trimestre, unha vez que se foi xeneralizando a desescalada.

Con carácter xeral pode afirmarse que a reactivación da actividade económica trasládase ao mercado de traballo no ano 2021, que presenta un bo comportamento en termos agregados atendendo á mellora da participación da poboación galega na actividade e na ocupación, así como á caída da taxa de desemprego. Dunha banda, no último ano tanto a EPA como as afiliacións e as contas económicas presentan unha medra da ocupación e das horas traballadas; e doutra, descende o

paro estimado pola EPA e o paro rexistrado nas oficinas de emprego.

Con todo, fronte a estes datos positivos hai que ter en conta o aumento da temporalidade, que indicaría unha perda da calidade do emprego, así como un peor comportamento da ocupación en relación ao conxunto do Estado. Asemade, a pesar da mellora da ocupación, estes datos teñen de ser matizados xa que Galicia se mantén entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa), ocupando unha posición intermedia

Mercado de traballo 2008-21: principais indicadores

	2008	2013	2020	2021	21/08	21/20				
						Total	1 trim.	2 trim.	3 trim.	4 trim.
	(en miles de persoas)					(%)				
Afiliados á Seguridade Social	1.072,5	913,8	996,0	1.014,4	-5,4	1,8	-0,6	3,1	2,6	2,3
Poboación maior 16 anos	2.401,1	2.382,3	2.339,0	2.340,9	-2,5	0,1	-0,2	-0,3	-0,3	-0,2
Poboación activa	1.314,8	1.290,9	1.220,9	1.228,2	-6,6	0,6	-1,8	3,0	1,0	0,2
Poboación ocupada	1.201,2	1.006,4	1.074,2	1.085,1	-9,7	1,0	-2,1	2,5	2,8	1,0
Poboación parada	113,6	284,6	146,7	143,1	26,0	-2,4	1,0	6,9	-12,5	-5,3
Poboación parada moi longa duración (1)	14,7	100,2	35,5	37,7	156,9	6,2	-11,2	22,4	0,0	19,6
Poboación inactiva	1.086,3	1.091,4	1.118,1	1.112,7	2,4	-0,5	2,2	-3,0	-0,9	-0,2
	(%)					(puntos porcentuais)				
Taxa de actividade	54,8	54,2	52,2	52,5	-2,3	0,5	-0,7	1,5	0,6	0,2
Taxa de ocupación	50,0	42,2	45,9	46,4	-3,7	0,9	-0,8	1,1	1,2	0,5
Taxa de paro	8,6	22,0	12,0	11,7	3,0	-3,0	0,3	0,5	-1,6	-0,6
Taxa de paro xuvenil (menores 25 anos)	21,1	49,9	33,2	32,2	11,2	-2,8	0,0	0,1	-0,5	0,3
Taxa de temporalidade (%)	30,4	22,8	24,0	24,5	-5,9	1,9	-1,2	2,7	1,8	0,8
	(en miles de persoas)					(%)				
Paro rexistrado	162,5	276,0	180,3	163,4	0,6	-9,3	1,0	6,9	-12,5	-5,3
Contratos iniciais indefinidos	46,4	37,6	36,1	44,8	-3,5	24,1	-18,5	86,0	24,9	38,4
Contratos iniciais temporais	706,1	690,6	680,4	827,6	17,2	21,6	-21,4	99,9	19,1	28,0
Contratos convertidos en indefinidos	41,7	22,3	32,7	45,8	9,9	40,0	6,3	115,5	6,4	76,0

(1) máis de dous anos

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE e Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.2.

no caso da taxa de paro. Ao mesmo tempo, o forte incremento do desemprego de longa duración en Galicia pode considerarse como un dos principais problemas do mercado de traballo.

Afiliacións á Seguridade Social

As novas variantes da covid-19 e os rebotes rexistrados no último trimestre do ano 2020 lastran a recuperación das afiliacións no último tramo do ano 2020 e trasládanse ao primeiro trimestre do ano 2021, rexistrándose un notable retroceso da afiliación nos dous primeiros meses do ano. No segundo trimestre do ano 2021 ponse de manifesto o inicio da recuperación cun maior dinamismo do mercado de traballo con incrementos no número de persoas afiliadas.

Para o estudo da evolución da afiliación en Galicia no último ano, analizaremos a dita evolución en función do xénero, da distribución territorial, dos distintos réximes de afiliación, así como os sectores de actividade. Para levar a cabo este estudo partimos dos datos proporcionados polo Ministerio de Trabajo e Economía

Social, tendo en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores e traballadoras, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar. É dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa porque ten varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.

O número medio de afiliacións para o total do sistema no ano 2021 en Galicia ascendeu ata as 1.014.400 persoas (**cadro 2.1.3.**), o que supón un aumento de 18.400 afiliacións en relación á media do ano anterior (1,8%), tan só un 0,1% por debaixo da afiliación media rexistrada no ano 2019. Así, pode afirmarse que no ano 2021 recuperouse case na súa totalidade o nivel de afiliación prepandémico. No conxunto do Estado o incremento experimentado nas afiliacións foi do 2,6%, compensando a caída do 2,2% rexistrada no ano 2020, e acadando niveis de afiliación un 0,3% superiores ás do ano 2019. Tras esta evolución, as afiliacións en Galicia representan o 5,3% do total estatal, porcentaxe similar á do ano anterior.

Afilados en alta laboral na Seguridade Social en Galicia e España 2008-21 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia /España
	(en miles de persoas)						(%)
2008	1.072,5	445,9	133,1	111,4	382,1	19.005,6	5,6
2013	913,8	389,7	114,5	97,7	311,9	16.227,7	5,6
2019	1.015,3	434,8	122,8	102,7	355,0	19.189,2	5,3
2020	996,0	425,7	120,2	100,9	349,2	18.767,1	5,3
2021	1.014,4	435,1	121,3	101,8	356,3	19.249,2	5,3
xaneiro	993,7	426,1	118,6	100,1	348,8	18.826,6	5,3
febreiro	993,6	426,4	118,6	100,1	348,5	18.840,9	5,3
marzo	991,1	425,8	118,7	99,9	346,8	18.793,4	5,3
abril	999,7	430,1	119,2	100,5	349,9	18.989,9	5,3
maio	1.009,0	432,8	120,5	101,6	354,1	19.244,5	5,2
xuño	1.016,7	434,6	121,5	101,7	358,9	19.280,5	5,3
xullo	1.039,3	444,5	124,8	103,9	366,1	19.546,8	5,3
agosto	1.027,5	438,5	123,6	103,0	362,4	19.195,1	5,4
setembro	1.025,9	438,8	122,8	102,7	361,6	19.443,4	5,3
outubro	1.034,0	444,4	123,6	103,4	362,7	19.699,5	5,2
novembro	1.033,1	444,6	122,4	102,9	363,2	19.726,8	5,2
decembro	1.009,1	434,5	120,7	101,3	352,6	19.403,2	5,2

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(taxas de variación interanual)					
2021/2008	-5,4	-2,4	-8,9	-8,7	-6,7	1,3
2021/2019	-0,1	0,1	-1,3	-0,9	0,4	0,3
2021/2020	1,8	2,2	0,9	0,8	2,0	2,6

(1) datos anuais: en medias anuais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.3.

Atendendo á evolución mensual das afiliacións no último día de cada mes, no primeiro trimestre de 2021, tal como se indicou anteriormente, rexístrase unha ralentización da recuperación consecuencia das novas ondas de contaxios, rematando este trimestre con 991.000 afiliados, a cifra máis reducida de todo o 2021. Nos trimestres posteriores prodúcese unha notable recuperación, acadando un pico de afiliación no mes de xullo con 1.039.000 persoas afiliadas, que supón o terceiro mes con máis afiliacións dende o ano 2002 (primeiro disponible na serie consdierada), só por detrás dos anos 2007 e 2008.


No concernente á desagregación segundo xénero (**gráfico 2.1.4.**), o incremento da afiliación no ano 2021 foi similar en mulleres e en homes, con incrementos inter-

anuais do 1,8% e do 1,9% respectivamente, o que en termos absolutos supón 9.061 mulleres e 9.297 homes afiliados máis que en 2020. Non obstante, se a comparación realizámola co ano 2019, a evolución entre sexos deixa de ser paralela. Así, en relación ao ano 2019 hai 1.845 mulleres afiliadas máis (0,4% máis) e 2.714 homes afiliados menos (0,5% menos).

A evolución da afiliación por xénero non é homoxénea nas catro provincias galegas. Nas provincias da Coruña e Ourense aumenta máis a afiliación de homes que de mulleres no ano 2021, dándose o caso contrario nas provincias de Pontevedra e Lugo.

Dende un punto de vista territorial, o número de persoas afiliadas no ano 2021 medra nas catro provincias

Afiliacións á Seguridade Social segundo sexo 2021



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.4.

galegas aínda que con intensidades diferentes. A Coruña e Pontevedra, cun 2,2% e 2% respectivamente, superan a media galega, fronte a Ourense (0,8%) e Lugo (0,8%) moi por debaixo da mesma.

En termos absolutos, A Coruña sitúase como a provincia cun maior crecemento, con 9.400 afiliacións máis (2,2%), por diante de Pontevedra, onde o incremento situouse en 7.100 persoas (2%). Como amosa o devandito **cadro 2.1.3.**, nas provincias de Lugo e Ourense as afiliacións aumentaron en 1.100 e 800 persoas respectivamente. A Coruña e Pontevedra concentran o 78% das afiliacións totais rexistradas en Galicia en 2021.

Comparando as afiliacións do ano 2021 coas rexistradas no ano 2019, previo á pandemia, obsérvase como A Coruña e Pontevedra rexistran niveis de afiliación lixeiramente superiores aos de 2019, mentres que Ourense e Lugo non acadaron aínda eses niveis de afiliación, rexistrando un 0,9% e 1,3% menos de afiliacións, respectivamente.

No último ano o número de persoas afiliadas aumenta en seis dos sete grandes concellos de Galicia (zona densamente poboada), permanecendo practicamente estable no concello de Ourense (28 afiliacións menos). En termos relativos os incrementos máis acusados, e os

únicos que se sitúan por riba da media galega, rexistráronse en Pontevedra e Santiago de Compostela, onde as afiliacións medraron un 2,4% e un 2,2%, respectivamente. A continuación situaríanse A Coruña, co 1,6%, Vigo e Ferrol, cunha medra do 0,9%, e Lugo, co 0,7%. Atendendo á súa distribución segundo sexo, cómpre mencionar un desigual comportamento tendo en conta que no que ao emprego feminino se refire, ningún concello presenta un comportamento superior á media galega (descenden as afiliacións en Ourense), en tanto que entre os homes, o incremento interanual en Pontevedra é do 3,1%, un punto máis que no conxunto de Galicia, sendo unha décima superior no caso da Coruña e Santiago de Compostela.

Tendo en conta a información en función do grao de urbanización do territorio, as afiliacións á Seguridade Social en Galicia no ano 2021 amosan un comportamento similar entre as tres zonas de urbanización –densamente poboada (ZDP), intermedia (ZIP) e pouco poboada (ZPP)–, rexistrándose incrementos de afiliación interanuais do 2,4%, 3,9% e 3,2% respectivamente. Nas tres zonas sinaladas os niveis de afiliación no ano 2021 están por riba do rexistrado no ano 2019 previo á pandemia. Esta tendencia xeral trasládase á evolución da afiliación por xénero, incrementándose a afiliación tanto de homes como de mulleres nas distin-

Afiliacións en alta laboral na Seguridade Social 2008-21 ⁽¹⁾: distribución segundo réxime

	2008	2013 (2)	2019	2020	2021	21/20 (%)
Total	1.077.918	917.355	1.018.792	1.001.310	1.019.187	1,8
Réxime Xeral (2)	790.747	681.384	787.270	773.005	790.471	2,3
agás S.E. Agrario e R.E.E. fogar	790.747	649.550	755.223	741.987	759.202	2,3
S.E. Agrario	-	4.455	5.753	5.799	6.031	4,0
S.E.E. Fogar	-	27.379	26.294	25.219	25.238	0,1
Réxime Especial Autónomos	236.669	213.870	210.420	207.790	208.693	0,4
non S.E.T.A	-	182.686	186.821	185.248	187.367	1,1
S.E.T.A	-	31.184	23.600	22.542	21.326	-5,4
Réxime Especial Agrario	4.480	-	-	-	-	-
conta allea	4.480	-	-	-	-	-
conta propia	-	-	-	-	-	-
Réxime Especial do Mar	25.563	22.100	21.102	20.515	20.024	-2,4
conta allea	14.385	12.469	11.714	11.252	11.061	-1,7
conta propia	11.178	9.632	9.387	9.263	8.963	-3,2
Réxime Minería e Carbón	41	-	-	-	-	-
Réxime Especial Empleados Fogar	20.417	-	-	-	-	-
Continuos	12.332	-	-	-	-	-
Discontinuos	8.086	-	-	-	-	-

(1) medias anuais

(2) no 2012 o Réxime Xeral incorpora ao R.E. Agrario e ao R.E.E. Fogar (a extinguir)

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.5.

tas zonas poboacionais. Sen embargo, o incremento na afiliación de mulleres é superior en todas as zonas de poboación, tanto en termos relativos como absolutos, de xeito que en torno ao 55% dos incrementos de afiliación nas distintas zonas son de mulleres.

O grupo de idade con maior número de persoas afiliadas, tanto de homes coma de mulleres, e nas tres zonas mencionadas, é o de 45-49 anos, onde se localiza o 16,4% das afiliacións na zona intermedia e o 14,8% na zona pouco poboada.

As afiliacións ao réxime xeral –media anual do último día de cada mes-, que representan o 77,5% das afiliacións galegas no conxunto do ano 2021, incrementáronse un 2,5% en relación ao ano anterior, acadando as 786.959 persoas afiliadas (**cadro 2.1.5.**). No concenrente ás afiliacións ao réxime especial de autónomos, no ano 2021 ráchase a tencencia descendente dos últimos cinco anos, rexistrándose unha medra interanual do 0,5%. No último ano Galicia contaba con 208.568 afiliacións, o 20,5% do total. Por contra, o réxime especial do mar presenta unha nova caída media anual, aco-

llendo un total de 19.929 afiliacións, un 2% menos que no ano anterior, o que representa o 2% do total das afiliacións galegas.

En España o comportamento das afiliacións é mellor que en Galicia na meirande parte dos réximes agás no caso do réxime xeral agrario. Dunha banda, o número total de afiliacións ao réxime xeral aumenta en España un 2,9% respecto ao ano anterior; doutra banda, as afiliacións ao réxime especial de autónomos medran un 1,6%, once décimas máis que en Galicia. O réxime agrario experimenta en España unha caída do 0,6% das afiliacións, o que contrasta co incremento do 5,2% rexistrado na Comunidade Autónoma. Por último, as afiliacións ao RE do mar reducíronse un 0,8% no conxunto do Estado (-2,4% en Galicia).

En 2021 a afiliación medra en Galicia en todos os sectores de actividade agás no sector primario. O incremento máis acusado, tanto en termos relativos como absolutos, rexístrase no sector servizos, cun incremento interanual do 4,1%, seguido da construción (3,5%) e da industria (0,5%). O sector primario reduce a súa afilia-

Afiliacións á Seguridade Social 2020-21: distribución segundo principais ramas de actividade ⁽¹⁾

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
47 Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	104.476	10,5	105.423	10,4	0,9	947
86 Actividades sanitarias	64.265	6,5	66.458	6,6	3,4	2.193
56 Servizos de comidas e bebidas	62.451	6,3	60.976	6,0	-2,4	-1.475
84 Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	57.290	5,8	58.174	5,7	1,5	884
85 Educación	50.144	5,0	53.182	5,2	6,1	3.038
43 Actividades de construción especializada	47.755	4,8	49.075	4,8	2,8	1.320
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	47.605	4,8	48.086	4,7	1,0	481
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	35.286	3,5	34.594	3,4	-2,0	-692
49 Transporte terrestre e por tubaxe	32.633	3,3	33.406	3,3	2,4	773
10 Industria da alimentación	30.229	3,0	30.627	3,0	1,3	398
81 Servizos a edificios e actividades de xardinaria	28.027	2,8	28.801	2,8	2,8	774
97 Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	25.612	2,6	25.588	2,5	-0,1	-24
41 Construción de edificios	23.458	2,4	24.530	2,4	4,6	1.072
45 Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	21.732	2,2	21.725	2,1	0,0	-7
Subtotal (ramas con máis de 20.000 afiliacións)	630.963	63,3	640.645	63,2	1,5	9.682
Total	996.026	100	1.014.385	100	1,8	18.359

Ramas con maior descenso de afiliacións

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
56 Servizos de comidas e bebidas	62.451	6,3	60.976	6,0	-2,4	-1.475
29 Fabricación de vehículos e motor, remolques e semirremolques	16.669	1,7	15.895	1,6	-4,6	-774
01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	35.286	3,5	34.594	3,4	-2,0	-692
64 Servizos financeiros, salvo seguros e fondos de pensións	9.118	0,9	8.633	0,9	-5,3	-485
30 Fabricación doutro material de transporte	5.883	0,6	5.412	0,5	-8,0	-471

Ramas con maior incremento de afiliacións

	2020		2021		21/20	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(%)	(número)
85 Educación	50.144	5,0	53.182	5,2	6,1	3.038
86 Actividades sanitarias	64.265	6,5	66.458	6,6	3,4	2.193
78 Actividades relacionadas co emprego	9.660	1,0	11.481	1,1	18,9	1.821
43 Actividades de construción especializada	47.755	4,8	49.075	4,8	2,8	1.320
41 Construción de edificios	23.458	2,4	24.530	2,4	4,6	1.072

(1) ramas CNAE 2009

Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.6.


ción nun 2,2% en relación a 2020, consecuencia da redución de afiliados do sector primario no réxime especial de autónomos. Tras esta evolución, o 74% corresponden a actividades do sector terciario, situándose a continuación o sector industrial, co 13,5%, a construción, co 8% e as actividades relacionadas co sector agrario, forestal e a pesca, cun 3,4%.

Atendendo á desagregación segundo ramas de actividade (**cadro 2.1.6.**), as 14 ramas que en 2021 teñen máis de 20.000 afiliacións acollen o 63,2% da afiliación en Galicia, porcentaxe similar á do ano anterior. O “co-

mercio ao retallo, salvo reparación de vehículos de motor e motocicletas” (CNAE 47) mantense como a rama cun maior número de afiliacións, con 105.423 afiliacións (10,4% do total galego), situándose a continuación un ano máis as actividades sanitarias (CNAE 86), con 66.458 afiliacións (6,6%), e en terceiro lugar, os servizos de comidas e bebidas (CNAE 56), que conta con 60.976 afiliacións (6%).

A devandita recuperación de afiliacións rexistrada a partir do segundo trimestre do ano 2021 non se produce de xeito homoxéneo en todas as ramas de activi-

Evolución das afiliacións nos subsectores do comercio, hostalería, actividades sanitarias e de servizos sociais e educación 2008-21



Fonte: IGE, Afiliacións á Seguridade Social

2.1.7.

dade. Neste senso, as actividades de servizos de comidas e bebidas (CNAE 56) continúa sendo, igual que no ano anterior, a rama que reduce en maior medida o seu número de afiliados, cunha caída do 2,4% (1.457 afiliacións menos), seguida da rama de fabricación de vehículos de motor, remolques e semeremolques (CNAE 29), cunha caída do 4,6% (774 menos que en 2020). A agricultura, gandería e caza, os servizos financeiros, e a fabricación doutro material de transporte con caídas de afiliación do 2%, 5,3% e 8% respectivamente, completan a lista das cinco ramas de actividade con maior descenso de afiliación en 2021.

Por contra, a rama de actividade que experimentou o

maior crecemento en termos absolutos foi a educación (CNAE 85), cunha medra de 3.038 persoas afiliadas (6,1% máis); en termos relativos, a rama de actividades relacionadas de emprego é a que rexistra un maior crecemento cun 18,9% máis de afiliación, (1.821 persoas máis). As actividades sanitarias (CNAE 86), as actividades de construción especializada (CNAE 43) e a construción de edificios (CNAE 41) con incrementos do 3,4% (2.193 afiliacións), 2,8% (1.320 persoas) e 4,6% (1.072 afiliacións) respectivamente, completan a lista das cinco ramas con maior aumento de afiliacións no ano 2021.

Atendendo á evolución mensual, **gráfico 2.1.7.**, os subsectores analizados mostran en todos os casos unha

evolución mensual similar á rexistrada nos anos pre-pandémicos. Máis alá do retorno á evolución estacional do emprego nestas actividades, cómpre salientar que a afiliación nas actividades de comercio e hostalería está por debaixo da rexistrada en 2019 nos tres primeiros trimestres de 2021, sendo superior no último trimestre do ano.

Os sectores como as actividades sanitarias e servizos sociais ou a educación presentan un número de afiliacións superior ao dos anos anteriores.

Emprego segundo a EPA

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa correspondentes ao ano 2021 reflicten que a reactivación da actividade económica trasladouse ao mercado de traballo, quen presenta un bo comportamento en termos agregados, tanto no caso dos homes como das mulleres, tendo en conta a evolución das taxas de actividade, ocupación e desemprego. Con todo, estes datos positivos hai que matizalos tendo en conta que Galicia non só se mantén entre as CC.AA. con menores taxas de actividade (tan só supera a Asturias) e ocupación (a quinta con menor taxa), ocupando unha posición intermedia no caso da taxa de paro, senón tamén pola medra da taxa de temporalidade e o incremento do emprego a tempo parcial, que significaría unha menor calidade do emprego.

En media anual, o mercado de traballo en Galicia presenta unha medra interanual do 1% da poboación ocupada (10.900 persoas máis), se ben a ocupación mantense por baixo dos niveis de 2019. A devandita creación do emprego rexístrase con maior intensidade no caso das mulleres que nos homes, producíndose en maior medida o incremento do emprego en persoas con estudos superiores, no sector servizos, entre asalariados e empresarios con asalariados, e en persoas maiores de 45 anos. No extremo oposto, redúcese a ocupación entre as persoas de menor nivel educativo, persoas empresarías sen asalariados e no sector industrial.

No que atinxe ao desemprego, o principal aspecto negativo é o forte incremento do desemprego de longa

duración, rachándose a tendencia descendente iniciada en 2015. O paro estimado descende un 2,5% respecto ao ano precedente (3.600 persoas menos), o que contrasta coa medra do 18,2% no caso das persoas que se atopan nunha situación de desemprego de longa duración (9.100 persoas máis que no ano anterior). As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e persoas con estudos primarios seguen a ser os colectivos máis afectados co desemprego.

• Poboación activa

No ano 2021 aumenta por primeira vez dende o ano 2013 o volume de poboación activa en Galicia en relación ao ano anterior, acadando 1.228.200 persoas activas, o que supón 7.300 persoas máis (1%). Pese a este incremento, o volume de activos en Galicia no ano 2021 segue a ser inferior ao rexistrado no ano 2019 (12.900 persoas activas menos).

Tal como se observa no **cadro 2.1.8.**, o incremento da poboación activa no ano 2021 en relación ao ano anterior prodúcese tanto en homes como en mulleres, aínda que con maior intensidade no caso das mulleres. Neste senso, en 2021 hai 6.700 mulleres activas máis (1,2%) fronte a tan só 600 homes activos máis que en 2020 (0,1%). Tras esta evolución, Galicia conta con 639.000 homes activos e 589.200 mulleres activas. No conxunto de España a poboación activa medra un 2,1%, acadando este incremento un 3,1% no caso das mulleres e un 1,2% nos homes.

A taxa de actividade, entendida como a relación entre a poboación activa e a poboación maior de 16 anos, aumenta no ano 2021 ata o 52,5%, tres décimas máis que no ano anterior, o que non é suficiente para acadar a taxa rexistrada no ano 2019 (53,1%) (**gráfico 2.1.9.**). En España a taxa de actividade aumenta en 1,1 puntos porcentuais para situarse no 58,5%. Un ano máis, en comparación co resto das CC.AA., Galicia é a segunda Comunidade Autónoma coa taxa de actividade máis reducida do Estado, só por diante de Asturias (50,7%).

A redución do volume de poboación maior de 16 anos en Galicia no ano 2021, xunto ao xa sinalado incre-

Poboación maior de 16 anos 2008, 2013, 2019 a 2021: distribución segundo sexo, idade e a súa relación coa actividade económica

	2008			2013			2019			2020			2021			21/20		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
							(en miles de persoas)											
total																		
Total	2.401,0	1.148,4	1.252,6	2.382,2	1.141,0	1.241,2	2.335,3	1.116,7	1.218,7	2.339,0	1.118,4	1.220,7	2.340,9	1.120,0	1.220,9	0,1	0,1	0,0
Activos	1.314,8	725,6	589,1	1.290,9	683,1	607,9	1.241,1	643,0	598,1	1.220,9	638,5	582,5	1.228,2	639,0	589,2	0,6	0,1	1,0
Poboación ocupada	1.201,2	672,3	528,9	1.006,4	530,6	475,8	1.095,2	573,9	521,3	1.074,2	569,0	505,3	1.085,1	571,3	513,8	1,0	0,4	1,7
Poboación parada	113,6	53,4	60,2	284,6	152,5	132,1	145,9	69,1	76,8	146,7	69,5	77,2	143,1	67,7	75,4	-2,4	-2,6	-2,4
Parados que buscan 1º emprego	10,0	3,3	6,7	23,0	10,6	12,4	12,0	6,4	5,6	9,9	5,0	4,9	12,0	6,7	5,4	21,8	35,4	8,6
Poboación inactiva	1.086,3	422,8	663,5	1.091,4	458,0	633,3	1.094,3	473,6	620,6	1.118,1	479,9	638,3	1.112,7	481,0	631,7	-0,5	0,2	-1,0
i-24 anos																		
Total	99,7	51,2	48,5	210,9	107,7	103,2	195,4	100,4	95,1	198,4	102,0	96,5	202,8	104,7	98,1	2,2	2,7	1,7
Activos	21,6	14,4	7,2	74,2	39,7	34,5	56,6	32,6	24,0	51,4	29,9	21,5	50,3	30,1	20,2	-2,3	0,7	-6,3
Poboación ocupada	14,8	10,5	4,4	37,2	19,4	17,7	40,9	23,4	17,4	34,4	20,6	13,8	34,1	20,7	13,4	-0,9	0,5	-2,9
Poboación parada	6,7	3,9	2,8	37,0	20,2	16,8	15,8	9,2	6,6	17,1	9,4	7,7	16,2	9,5	6,8	-5,1	1,1	-12,3
Parados que buscan 1º emprego	2,9	1,6	1,3	14,1	7,4	6,7	6,2	3,3	3,0	5,2	2,9	2,3	5,9	3,5	2,4	13,0	20,0	6,6
Poboación inactiva	78,1	36,8	41,3	136,8	68,0	68,7	138,8	67,8	71,1	147,1	72,0	75,0	152,6	74,6	78,0	3,8	3,5	3,9
5-54 anos																		
Total	1.224,8	610,9	613,9	1.195,3	596,7	598,5	1.096,7	546,0	550,8	1.085,1	540,1	545,0	1.070,2	533,0	537,2	-1,4	-1,3	-1,4
Activos	1.029,1	556,8	472,3	1.023,9	536,2	487,6	948,6	488,6	460,1	920,5	478,0	442,5	917,3	474,8	442,5	-0,3	-0,7	0,0
Poboación ocupada	948,7	520,4	428,3	805,4	421,4	384,0	841,7	439,9	401,8	813,0	429,1	383,9	816,3	429,2	387,2	0,4	0,0	0,9
Poboación parada	80,3	36,3	43,8	218,5	114,9	103,7	106,9	48,7	58,3	107,5	48,9	58,6	101,0	45,7	55,4	-6,1	-6,6	-5,5
Parados que buscan 1º emprego	4,0	1,0	3,0	8,4	3,2	5,2	5,6	3,1	2,5	4,4	1,9	2,5	6,0	3,1	2,9	36,0	66,7	14,0
Poboación inactiva	195,9	54,1	141,7	171,4	60,6	111,0	148,1	57,4	90,7	164,6	62,1	102,5	152,9	58,2	94,7	-7,1	-6,3	-7,7
55 anos																		
Total	926,4	410,1	516,3	976,0	436,6	539,5	1.043,2	470,3	572,9	1.055,5	476,3	579,2	1.067,9	482,3	585,6	1,2	1,3	1,1
Activos	173,6	103,1	70,6	192,9	107,1	85,8	235,8	121,8	114,0	249,1	130,6	118,5	260,6	134,2	126,5	4,6	2,7	6,8
Poboación ocupada	163,9	98,5	65,4	163,8	89,7	74,1	212,6	110,6	102,0	226,9	119,3	107,7	234,7	121,5	113,2	3,4	1,9	5,1
Poboación parada	9,7	4,5	5,2	29,0	17,4	11,6	23,2	11,2	12,0	22,2	11,4	10,8	25,9	12,7	13,3	17,0	11,5	22,9
Parados que buscan 1º emprego	0,4	-	0,4	0,5	-	0,5	0,2	-	0,2	0,3	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	-41,7	0,0	-40,0
Poboación inactiva	752,8	307,0	445,7	783,2	329,5	453,6	807,3	348,5	458,8	806,4	345,7	460,8	807,3	348,2	459,1	0,1	0,7	-0,4

ante: INF EPA

2.1.8.


mento da poboación activa, determina o aumento da taxa de actividade. A súa evolución en función do xénero non é homoxénea; así a redución da poboación feminina maior de 16 anos xunto co notable incremento da poboación activa feminina determina unha taxa de actividade feminina no ano 2021 do 48,3%, seis décimas máis que no ano anterior. Pola contra, a poboación masculina maior de 16 anos mantense estable e a poboación activa masculina aumenta en moita menor cuantía que a feminina, polo que a participación laboral dos homes en Galicia mantense estable nun 57,1%. O diferencial entre ambas as dúas taxas é de 8,8 puntos porcentuais fronte aos 16,2 puntos existente en 2008 (9,4 puntos no ano anterior).

No conjunto do Estado, a taxa de actividade feminina

aumentou ata o 53,7% (1,5 puntos máis que no ano precedente) e a masculina ata o 63,6% (0,6 puntos porcentuais máis). Tanto para homes como para mulleres, Galicia rexistra as segundas taxas de actividade máis reducidas, tras Asturias.

A análise da composición por idades da poboación activa galega mostra, un ano máis, o crecemento exclusivamente do volume da poboación activa maior de 55 anos, o que se corresponde coa estrutura da pirámide poboacional galega. No nomeado **cadro 2.1.8.**, observamos como no ano 2021, a poboación activa maior de 55 anos medra en 11.600 persoas (4,6% máis que no ano anterior) das que 8.000 son mulleres (6,8%) e 3.500 homes (2,7%). Nos dous grupos de idade restantes analizados, a poboación activa diminúe. O grupo de per-

Taxas de actividade en Galicia e España 2008-21: distribución segundo sexos



Fonte: INE, EPA

2.1.9.

soas activas con idades entre 16 e 24 anos redúcese en 1.200 persoas, consecuencia dun aumento de 200 varóns activos e dunha caída de 1.400 mulleres activas. No grupo integrado por persoas activas con idades entre 25 e 55 anos a perda de activos é de 3.200 persoas, case na súa totalidade homes.

Atendendo á evolución trimestral, os efectos dos bos resultados sanitarios e a recuperación do mercado laboral no ano 2021 obsérvase de xeito máis pronunciado no segundo trimestre do ano, con aumentos da poboación activa do 3%, o que supón 36.200 persoas activas máis que no mesmo trimestre do ano anterior (**gráfico 2.1.10.**). Os axustes positivos son máis intensos entre a poboación activa feminina, con incrementos no segundo trimestre do ano do 4,2% (24.000 mulleres activas máis que no mesmo trimestre de 2020) fronte ao 2% no caso dos homes (12.200 homes activos máis).


O dinamismo do mercado laboral observado no segundo trimestre do ano parece ralentizarse consecuencia de sucesivas ondas de contaxio que enfrían a recuperación. En termos interanuais, no terceiro tri-

mestre do ano o número de mulleres activas aumenta en 9.100 persoas e en 2.700 no caso dos homes, sendo este incremento no último trimestre do ano de 1.500 mulleres e 1.300 homes activos máis en relación aos mesmos trimestres de 2020.

Atendendo á nacionalidade da poboación activa, no ano 2021 rexístrase un incremento da poboación activa estranxeira do 2,5% respecto ao ano anterior (1.700 persoas máis). A poboación activa de nacionalidade española en Galicia aumenta nun 0,5% en 2021, 5.500 persoas máis. A análise por xénero revela un incremento similar entre homes e mulleres no caso da poboación activa estranxeira (en torno ao 2,5% en ambos os dous casos), fronte a un incremento do 1,1% das mulleres activas de nacionalidade española e unha caída do 0,1% da poboación activa masculina.

Finalmente, cómpre facer unha breve referencia á Estatística de fluxos de poboación activa, que nos proporciona unha imaxe da relación da poboación co mercado laboral. No conxunto do ano 2021 un total de 60.100 persoas pasaron a formar parte da poboación activa en

Poboación activa: variación interanual 2019-21



Fonte: INE, EPA

2.1.10.

Galicia (media anual), o que supón 1.000 persoas menos respecto ao estimado para o ano anterior. No que respecta ao fluxo de saída, de media no ano 2021 en Galicia 55.150 persoas saen da actividade, cando no ano anterior o fixeran 67.650 persoas. Por tanto, no ano 2021 Galicia presenta un saldo positivo entre as entradas e as saídas da actividade de 4.950 persoas, fronte ao saldo negativo de 6.525 persoas rexistrado no ano 2020.


Tal como se reflicte nos datos do **cadro 2.1.11.**, o fluxo total de entrada á ocupación dende a inactividade sitúase de media no ano 2021 nas 27.550 persoas, cifra un 9,5% superior á do ano anterior (2.400 persoas máis). Pola contra, o fluxo de saída da ocupación cara á inactividade foi de media de 28.975 persoas, o que supón 3.525 persoas menos que no ano 2020. O número de persoas que estaban paradas en 2020 e que saen da actividade en 2021 ascende a 26.200 persoas, 8.800 persoas menos que a media do ano anterior (-25,5%). Así mesmo, o fluxo de entradas ao paro de persoas que eran consideradas persoas inactivas ascende a 32.275 persoas, o que supón 3.575 menos que en 2020 (-10%).

A análise da evolución trimestral de entradas e saídas da actividade no ano 2021 reflicte que nos dous primeiros trimestres do ano as entradas na actividade son notablemente superiores ás rexistradas nos mesmos trimestres do ano anterior, mentres que nos dous últimos trimestres caen en relación ao ano anterior. No que respecta ás saídas da actividade, en Galicia, agás no primeiro trimestre do ano, as saídas da actividade son inferiores ás rexistradas no ano 2020, salientando o segundo trimestre de 2021 cun 45,6% menos de saídas da actividade que no mesmo trimestre de 2020.

O terceiro trimestre do ano é o que rexistra unha maior entrada neta de poboación activa, con 17.400 persoas, das que 40.200 comezan a traballar, e 22.300 deixan de estar en situación de desemprego.

Nos catro trimestres do ano 2021 prodúcese unha redución do fluxo de persoas paradas cara á inactividade. Sen embargo, o fluxo de persoas inactivas cara á ocupación só é superior ao rexistrado en 2020 nos dous primeiros trimestres do ano, reducíndose en case un 15% o fluxo de inactivos que pasan a ser ocupados no

Fluxos da poboación activa (persoas que entran e saen da actividade) 2021



Fonte: IGE, Estatística de fluxos da poboación activa

2.1.11.

último trimestre do ano en relación ao rexistrado en 2020.

• Poboación ocupada

A recuperación económica afianzada en crecementos do PIB en taxas interanuais positivas a partir do segundo trimestre de 2021 ten un reflexo directo sobre o incremento do volume de poboación ocupada. Este incremento de ocupación baséase tanto nun incremento de poboación activa como nun descenso da poboación parada.


O incremento interanual da poboación ocupada en Galicia no ano 2021 foi do 1%, o que supón 1.085.100 persoas ocupadas, 10.900 máis que no ano 2020. Con todo, a poboación ocupada no último ano aínda é un 0,9% inferior á estimada en 2019 (10.100 persoas menos). A ocupación no conxunto de Estado incrementábase un 3% en relación ao ano anterior (571.200 per-

soas ocupadas máis). A diferenza do que acontece en Galicia, o nivel de ocupación é similar ao de 2019, con tan só 5.700 persoas ocupadas menos.

Outro indicador do reaxuste do mercado de traballo no ano 2021 é o número medio de horas efectivamente traballadas, que no último ano en Galicia presentou un incremento interanual do 5,6%. A pesar desta medra, o número de horas traballadas mantense por baixo do nivel pre-crixe (-4,8%).

A taxa de ocupación, entendida como o cociente entre o número de persoas ocupadas e a poboación en idade de traballar, retoma no ano 2021 a tendencia crecente fronte ás caídas rexistradas no ano anterior. No ano 2021 a taxa de ocupación en Galicia sitúase no 46,4% (catro décimas máis que no ano anterior). Tal como acontece coa ocupación en termos absolutos, a taxa de ocupación no conxunto do Estado rexistra un incremento máis pronunciado, con 1,3 puntos porcentuais

Taxas de ocupación en Galicia e España 2008-21: distribución segundo sexo



Fonte: INE, EPA

2.1.12.

máis, acadando un 49,9%. Dende un punto de vista de posicionamento territorial, Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias, Estremadura, Canarias e Andalucía, as catro con menos do 45% da súa poboación maior de 16 anos ocupada.

No ano 2020, os efectos sobre o emprego da crise económica consecuencia da covid-19 foron moito máis relevantes para as mulleres que para os homes, o que xa anticipaba unha maior recuperación de emprego feminino no ano 2021. A ocupación feminina aumenta en Galicia un 1,7% respecto ao ano anterior (8.500 mulleres ocupadas máis) fronte a tan só un 0,4% no caso dos homes (2.300 homes máis). No conxunto do Estado, a pesar de que o axuste de emprego no ano 2020 foi similar entre homes e mulleres (caídas en torno ao 3% en ambos os dous casos), a recuperación no ano 2021 foi máis intensa no emprego feminino (4% máis que no ano 2020) que no masculino (3% máis). En todo caso, a recuperación media do emprego no Estado é significativamente superior á rexistrada en Galicia.


En termos relativos, a taxa de ocupación aumenta en Galicia ata o 51% no caso dos homes, 8,9 puntos superior á estimada para a ocupación feminina (42,1%). Ao igual que en anos anteriores, estas porcentaxes man-

tense por baixo do estimado para o mercado laboral español: 55,3% e 44,8%, respectivamente.

Atendendo á evolución ao longo do último ano, o **gráfico 2.1.13.** reflicte como a perda continuada de emprego nos catro trimestres do ano 2020 continúa no primeiro trimestre de 2021, cando a ocupación cae un 2,1% respecto ao mesmo período do ano anterior. No segundo trimestre do ano a poboación ocupada aumenta en Galicia un 2,5% (26.300 persoas ocupadas máis), no terceiro trimestre o incremento acada o 2,8% (29.900 ocupados máis) e no cuarto trimestre do ano ralentízase este crecemento con taxas que caen ata o 1% (10.400 persoas máis).

A evolución da ocupación no ano 2021 difire non só en función do xénero senón que tamén en función do grupo de idade. No ano 2021 só se incrementa a ocupación entre as persoas maiores de 45 anos. Tal como mostra o **cadro 2.1.14.**, a ocupación medra entre as persoas maiores de 55 anos un 3,4% respecto ao ano anterior (7.800 persoas), e un 3,9% entre as persoas con idades comprendidas entre 45 e 54 anos (12.600 persoas máis). No grupo de idade de menores de 25 anos o descenso foi do 0,9% (300 persoas menos), situándose esta porcentaxe no 1,4% entre aqueles que teñen entre 25 e 34 anos (2.500 persoas menos) e do

Poboación ocupada, variación interanual 2019-21



Fonte: INE, EPA

2.1.13.

2,1% entre aqueles que teñen entre 35 e 44 anos (6.600 persoas menos).

As mulleres incrementan a súa ocupación en maior medida que os homes nos grupos de idade maiores de 45 anos e entre 25 e 34 anos. Pola contra, a ocupación entre as mulleres menores de 25 anos redúcese nun 2,9% fronte ao incremento do 0,5% da ocupación masculina, e as mulleres con idades entre 35 e 44 anos reducen a súa presenza nun 3,2% fronte á caída do 1,1% da ocupación masculina nesa franxa de idade.

No que á distribución sectorial se refire, no ano 2021 só se observa un incremento nos niveis de ocupación no sector servizos, cun aumento interanual do 3,6%. A intensa recuperación de emprego no sector servizos non consegue, sen embargo, acadar os niveis de ocupación do ano 2019, situándose un 0,6% por debaixo.

Por contra, as ramas industriais presenta unha caída interanual do 6,4%; a construción perde un 3,2% de ocupados; e o sector primario un 2,5%. Tanto o sector da construción como o primario presentan en 2021 unha ocupación superior á rexistrada no ano 2019 (3,7% e 0,9%, respectivamente). Por contra, a ocupación na industria atópase aínda un 4,8% por baixo da rexistrada en 2019.

A diferenza do que acontece no mercado laboral galego, os catro sectores de actividade presentan en España un aumento da súa poboación ocupada, destacando en termos relativos o sector primario, cun incremento de ocupación do 4,9% respecto ao ano anterior; seguido da construción cun 3,8%; do sector servizos cun 3,3%; e finalmente cun 0,1% máis de ocupación sitúanse as ramas industriais.

O **cadro 2.1.15** mostra a evolución trimestral da poboación ocupada a nivel sectorial. Dunha banda, o sector terciario, o máis afectado pola crise no ano 2020, é o único que presenta crecementos de ocupación en termos interanuais nos catro trimestres do ano 2021; destacando o terceiro trimestre cun incremento do 5,9% en relación ao mesmo período do ano anterior. Os restantes tres sectores presentan crecementos interanuais negativos nos catro trimestres de 2021, agás o sector da construción que rexistra un crecemento da ocupación do 8,8% no segundo trimestre do ano. Tal como acontecera no ano 2020, o conxunto de actividades industriais foi o que presentou o axuste de emprego máis intenso con caídas de ocupación do 11,7% no primeiro trimestre do ano.

O sector servizos acolleu en 2021 un total de 774.400 persoas ocupadas en Galicia, o que supón o 71,4% da

Poboación ocupada en Galicia 2021: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, ocupación, idade e nivel de formación acadado

	Galicia			Galicia/España			Galicia 21/19			Galicia 21/20		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(%)			(%)			(%)		
Total	571,3	513,8	1.085,1	5,4	5,6	5,5	-0,5	-1,4	-0,9	0,4	1,7	1,0
Sectores económicos												
Primario	44,6	22,8	67,3	7,3	11,9	8,4	6,5	-8,5	0,9	-2,4	-2,7	-2,5
Industria	122,6	48,1	170,7	6,2	6,8	6,3	-4,8	-4,9	-4,9	-6,5	-6,1	-6,4
Construción	67,2	5,5	72,7	5,7	4,5	5,6	3,5	5,7	3,7	-2,1	-14,3	-3,2
Servizos	337,1	437,4	774,4	4,9	5,4	5,2	-0,4	-0,7	-0,6	4,2	3,1	3,6
Situación profesional												
Traballadores por conta propia	123,4	84,8	208,2	6,0	7,9	6,6	-4,2	-3,4	-3,9	1,3	1,6	1,4
Empregador	42,4	26,1	68,4	6,4	9,1	7,2	5,5	1,7	4,0	10,2	4,3	7,8
Empresarios sen asalariados	77,6	55,5	133,0	5,8	7,5	6,4	-9,2	-4,7	-7,4	-3,2	-0,5	-2,2
Membros cooperativas	0,8	0,7	1,4	4,0	8,3	5,2	-6,2	-35,0	-24,7	-11,8	0,0	-9,8
Axuda na empresa ou negocio familiar	2,8	2,7	5,5	7,8	6,0	6,8	12,0	-10,8	-0,5	14,3	30,5	21,8
Asalariados	447,7	428,7	876,4	5,2	5,3	5,3	0,6	-1,1	-0,2	0,2	1,7	0,9
Sector público	81,2	118,1	199,3	5,6	5,9	5,8	7,9	5,4	6,4	-0,2	3,8	2,1
Sector privado	366,5	310,6	677,1	5,1	5,1	5,1	-0,9	-3,3	-2,0	0,3	0,9	0,5
Outra situación	0,3	0,3	0,5	3,4	4,2	3,2	33,3	-	137,5	-17,9	100,0	18,8
Ocupación												
Directores e xerentes	26,9	12,7	39,7	4,9	4,7	4,8	16,6	10,4	14,6	19,4	8,8	15,8
Técnicos e profesionais científicos e intelect.	73,6	116,7	190,3	4,5	5,2	4,9	-8,0	8,4	1,4	-3,0	3,9	1,1
Técnicos e profesionais de apoio	81,3	48,1	129,3	5,8	5,4	5,6	6,8	11,4	8,4	6,2	12,0	8,2
Empregados contables, admons. e outros empregados ofic.	30,3	64,8	95,1	4,6	4,6	4,6	-11,8	-10,9	-11,1	-5,3	2,0	-0,4
Trab. servizos restaur., persoais, protecc. vend. comerc.	77,7	156,9	234,5	4,7	6,3	5,7	-6,2	-2,5	-3,7	-0,9	-0,3	-0,5
Trab. cualificado no sector primario	33,4	19,8	53,1	9,2	23,5	11,8	5,9	-10,4	-0,8	0,8	-6,7	-2,2
Trab. cualif. ind. manufact. construcc., minaría, agás operad.	125,7	16,9	142,6	6,4	11,1	6,7	-2,3	1,5	-1,8	-4,2	-4,9	-4,3
Operadores	77,8	13,9	91,7	5,9	6,7	6,0	3,8	-6,2	2,1	3,1	1,1	2,8
Ocupacións elementais	39,9	63,7	103,5	3,9	4,6	4,3	6,6	-10,2	-4,4	4,7	-0,2	1,7
Ocupacións militares	4,9	0,4	5,2	5,0	3,6	4,9	-6,7	-62,2	-14,3	-16,4	-65,9	-23,2
Grupos de idade												
16-24 anos	20,7	13,4	34,1	3,8	3,0	3,4	-11,4	-23,1	-16,6	0,5	-2,9	-0,9
25-34 anos	88,9	82,6	171,5	4,7	4,7	4,7	-11,6	-8,6	-10,1	-3,3	0,7	-1,4
35-44 anos	164,8	146,3	311,1	5,7	5,7	5,7	-4,7	-6,5	-5,6	-1,1	-3,2	-2,1
45-54 anos	175,5	158,3	333,9	5,6	6,1	5,8	5,4	2,1	3,8	2,9	5,1	3,9
55 e máis anos	121,5	113,2	234,7	5,7	6,5	6,0	9,9	10,9	10,4	1,9	5,1	3,4
Nivel de formación acadado (1)												
Analfabetos	0,4	0,2	0,4	1,1	1,7	0,8	-5,9	-55,0	-44,4	-20,0	-32,5	-50,0
Educación primaria	15,2	7,7	22,9	2,8	2,5	2,7	-12,0	-44,0	-26,1	-5,3	-23,6	-12,1
Educación secundaria	320,2	230,2	550,5	5,6	5,7	5,7	-4,2	-8,2	-5,9	-1,8	-0,6	-1,3
Educación superior	235,7	275,7	511,4	5,4	5,7	5,6	6,2	7,4	6,8	4,1	4,7	4,4

(1) Analfabetos comprende o código 01 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación primaria inclúe estudos primarios incompletos e comprende os códigos 02 e 10 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación secundaria comprende os códigos 21 a 24, e 32 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Educación superior comprende os códigos 51, 52, 61 a 63, 71 a 75 e 81 da clasificación de programas e certificacións en niveis de formación acadados da CNED 2014.

Fonte: INE, EPA

2.1.14.

ocupación total; a nivel estatal este sector representa o 75,8% do total de persoas ocupadas.

Atendendo á súa desagregación segundo rama de actividade e tendo en conta as restricións do ano anterior, a hostalería segue a ser a rama do sector terciario que presenta un maior descenso de ocupación, cunha redución interanual da poboación ocupada do 10,1%, o que supón 7.200 persoas ocupadas menos. Xunto á hostalería, a outra rama de actividade do sector terciario


que perde ocupados no ano 2021 en relación ao ano precedente é a educación, cunha redución do 1,1% o que supón 800 persoas ocupadas menos (**cadro 2.1.16.**).

Por outra banda, as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais son as que rexistran un maior incremento de ocupación, tanto en termos relativos (9,8%) como absolutos (14.100 persoas ocupadas máis).

Poboación ocupada en Galicia e España 2008-21: distribución segundo sector

	Galicia				España			
	agricultura	industria	construción	servizos	agricultura	industria	construción	servizos
(en miles de persoas)								
2008	96,6	215,1	134,2	755,4	828,2	3.236,7	2.459,9	13.945,0
2013	74,4	153,3	69,3	709,4	736,6	2.355,5	1.029,5	13.017,5
2019	66,7	179,4	70,1	779,0	797,3	2.763,1	1.277,9	14.941,0
2020	69,1	182,4	75,1	747,8	765,4	2.698,2	1.244,1	14.494,8
I	68,0	190,9	76,4	747,8	784,8	2.769,3	1.277,8	14.849,4
II	66,4	183,5	71,9	728,6	763,4	2.642,3	1.169,0	14.032,5
III	71,2	180,7	76,5	754,2	731,1	2.687,7	1.249,3	14.508,8
IV	70,7	174,3	75,5	760,4	782,1	2.693,6	1.280,2	14.588,3
2021	67,3	170,7	72,7	774,4	802,7	2.700,2	1.291,5	14.979,3
I	66,3	168,5	70,2	754,8	797,9	2.642,2	1.261,8	14.504,9
II	66,2	168,8	78,2	763,5	811,1	2.665,1	1.324,8	14.870,6
III	70,9	171,9	70,9	798,7	761,5	2.728,1	1.293,6	15.247,8
IV	65,9	173,5	71,4	780,5	840,1	2.765,2	1.285,9	15.293,7
2021-20 (%)	-2,5	-6,4	-3,2	3,6	4,9	0,1	3,8	3,3
I	-2,5	-11,7	-8,1	0,9	1,7	-4,6	-1,3	-2,3
II	-0,3	-8,0	8,8	4,8	6,2	0,9	13,3	6,0
III	-0,4	-4,9	-7,3	5,9	4,2	1,5	3,5	5,1
IV	-6,8	-0,5	-5,4	2,6	7,4	2,7	0,4	4,8

Taxas de variación interanuais



Fonte: INE, EPA

2.1.15.

O devandito incremento da ocupación neste sector prodúcese tanto entre os homes como as mulleres, sendo máis acusado no primeiro caso, cunha medra interanual do 4,2% fronte ao 3,1% estimado para a ocupación feminina. Non obstante, este comportamento é desigual entre as distintas ramas de actividade. Dunha banda, a caída do emprego na hostalería é significativamente superior entre os homes, reducíndose a ocupación un 18,6% (5.700 persoas ocupadas menos) fronte ao 3,5% entre as mulleres (1.400 persoas menos). Doutra banda, o descenso da ocupa-

ción na educación (-1,1%; 800 persoas) estímase tan só no emprego masculino (-8,4%), o que contrasta co incremento experimentado entre as mulleres (2,5%; 1.200 persoas). No caso das actividades sanitarias e de servizos sociais –sector altamente feminizado, xa que case oito de cada dez persoas que traballan nel son mulleres–, o número de mulleres que traballan no sector incrementase un 3% (2.500 mulleres máis) aumentando un 3,9% entre os homes (900 ocupados máis). Nas actividades comerciais o incremento da ocupación masculina foi do 6,2% (4.800 persoas),

Poboación ocupada e número medio de horas efectivamente traballadas en Galicia 2021: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	Poboación ocupada								
	2021			21/20			21/19		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en miles de persoas)			(taxa variación interanual)			(taxa variación interanual)		
Total	1.085,1	571,3	513,8	1,0	0,4	1,7	-0,9	-0,5	-1,4
Sector Primario	67,4	44,5	22,7	-2,5	-2,6	-3,0	1,0	6,2	-8,8
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	47,1	28,8	18,2	-4,7	-2,7	-8,5	-5,6	2,5	-16,9
Pesca e acuicultura	20,3	15,7	4,5	3,0	-2,5	28,6	20,8	13,8	50,0
Industria	170,7	122,6	48,1	-6,4	-6,6	-6,1	-4,8	-4,9	-5,1
Industrias extractivas	4,1	3,8	0,3	-8,9	-9,5	0,0	-6,8	-9,5	0,0
Industria manufactureira	155,3	110,2	45,1	-6,3	-5,0	-9,3	-5,8	-4,7	-8,5
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	11,3	8,6	2,7	-7,4	-21,8	125,0	11,9	-5,5	145,5
Construción	72,7	67,2	5,5	-3,2	-2,0	-14,1	3,7	3,5	5,8
Servizos	774,4	337,0	437,4	3,6	4,2	3,1	-0,6	-0,4	-0,7
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	169,0	82,0	86,9	4,6	6,2	3,0	-0,8	-2,0	0,1
Transporte e almacenamento	52,3	42,9	9,4	10,8	15,9	-7,8	9,2	18,2	-19,0
Hostalaría	64,0	24,9	39,1	-10,1	-18,6	-3,5	-21,9	-27,2	-18,0
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	158,2	81,3	76,9	9,8	10,3	9,2	3,8	3,7	3,9
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	71,2	40,0	31,3	3,0	5,0	1,3	1,9	3,1	0,6
Educación	71,8	21,7	50,1	-1,1	-8,4	2,5	3,6	-10,0	10,6
Actividades sanitarias e de servizos sociais	109,3	23,9	85,4	3,2	3,9	3,0	3,8	18,3	0,4
Resto de servizos	78,6	20,3	58,3	3,4	0,5	4,3	-3,9	-11,0	-1,4

	Número medio de horas efectivamente traballadas								
	2021			21/20			21/19		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
	(en horas)			(taxa variación interanual)			(taxa variación interanual)		
Total	32,0	34,4	29,3	5,6	5,8	4,6	-4,8	-4,4	-5,5
Sector Primario	45,6	45,4	45,8	-2,8	0,9	-8,0	0,9	0,0	1,8
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	29,6	31,5	23,9	11,3	8,2	32,8	2,8	6,8	-8,4
Industria	34,9	34,8	35,3	1,5	0,3	16,1	-6,9	-7,4	-1,9
Industrias extractivas	33,1	34,0	30,8	3,8	4,0	2,7	-7,5	-7,6	-8,1
Industria manufactureira	33,1	33,0	33,3	-1,5	-2,9	11,4	-2,4	-4,6	19,8
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	35,1	35,7	27,9	8,7	8,5	5,3	-3,6	-2,5	-17,9
Construción	33,0	35,4	30,8	7,1	6,3	7,7	-5,2	-4,8	-5,2
Servizos	33,7	35,2	27,3	7,3	8,3	-0,7	-5,3	-5,4	-11,7
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	31,6	34,5	29,7	24,9	27,3	23,8	-14,1	-14,0	-13,9
Transporte e almacenamento	32,1	35,0	29,2	2,9	4,2	1,4	-1,2	0,9	-3,3
Hostalaría	29,4	30,0	28,7	0,3	1,0	0,0	-6,4	-5,1	-8,3
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	26,0	27,4	25,4	-0,4	1,5	-1,2	-3,7	-1,1	-4,9
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	29,6	31,1	29,2	-0,3	-6,0	1,4	-4,8	-10,4	-3,3
Educación	26,7	31,5	25,1	15,6	17,1	15,1	-1,8	-4,0	-0,8
Actividades sanitarias e de servizos sociais									
Resto de servizos									

Fonte: IGE-INE, EPA

2.1.16.


máis do dobre do estimado entre as mulleres (3%; 2.500 persoas).

O sector industrial ocupa a 170.700 persoas en Galicia no último ano, o que supón o 15,7% da ocupación total, dous puntos porcentuais máis que no conxunto do Estado. En relación ao ano anterior, o emprego redúcese un 6,4%, o que supón unha diminución de 11.700 persoas.

Dentro do sector industrial cómpre destacar que a destrución de emprego prodúcese nos tres grandes grupos

considerados. En termos relativos, o maior descenso rexístrase nas industrias extractivas (-8,9%), por diante do subsector enerxético (-7,4%) e o manufactureiro (-6,8%). En termos absolutos, das 11.700 persoas ocupadas menos no sector industrial, 10.400 corresponden ás ramas de manufacturas. Tras esta evolución, a ocupación total no subsector manufactureiro descende ata as 155.300 persoas, das que o 71,8% son homes, sendo o seu peso relativo sobre o total sensiblemente superior á media española (14,3% e 12,3%, respectivamente).

Evolución trimestral da ocupación 2019-21: distribución segundo situación profesional. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE-INE, EPA

2.1.17.

No que respecta á ocupación na construción, no ano 2021 un total de 72.700 persoas estaban ocupadas neste sector, un 3,2% menos que no ano anterior (2.400 persoas menos), o que representa o 6,7% da ocupación galega (6,5% en España).

Finalmente, a poboación ocupada no sector primario redúcese un 1,8% para situarse nas 67.300 persoas, 1.800 persoas menos que no ano anterior, acollendo o 6,2% da poboación ocupada en Galicia (4,1% en España). Ao igual que acontecera nos dous anos anteriores, 2021 caracterízase por un incremento da ocupación no sector pesqueiro fronte á caída experimentada no sector agrogandeiro e forestal. Tras unha medra interanual do 3% na pesca (600 persoas ocupadas máis) o sector acolle un

total de 20.300 persoas, en tanto que o sector agrario e forestal emprega a 47.100 persoas, un 4,7% menos que no ano precedente (2.300 persoas menos).

Como se aprecia no **cadro 2.1.16.**, o emprego no sector agrogandeiro e forestal diminúe tanto entre os homes (2,7%) como en maior medida entre as mulleres (8,5%). Por contra, no ámbito pesqueiro o emprego feminino medra un 28,6% respecto ao ano anterior, o que supón 1.000 mulleres máis, reducíndose un 2,5% a ocupación entre homes (400 persoas menos).

Atendendo á desagregación da poboación ocupada segundo a súa situación profesional (**gráfico 2.1.17.**), o mercado de traballo galego presenta no último ano

**Poboación ocupada segundo a frecuencia coa que traballa no seu domicilio
particular 2020-21: distribución segundo sexo**

Poboación ocupada		Poboación ocupada que teletraballa			Ningún día	Non sabe
		Total	Ocasionalmente	Máis da metade dos días que traballou		
		(miles de persoas)				
Total						
2020/II	1.050,4	180,5	35,5	145,0	855,8	14,1
2020/III	1.082,6	139,3	54,0	85,3	936,3	7,0
2020/IV	1.080,9	129,3	59,0	70,3	943,8	7,8
2021/I	1.059,8	145,6	64,2	81,4	908,2	6,0
2021/II	1.076,7	148,3	69,1	79,2	921,5	7,0
2021/III	1.112,5	130,2	59,7	70,5	977,7	4,6
2021/IV	1.091,3	143,2	75,0	68,2	943,6	4,5
Homes						
2020/II	552,8	87,4	21,3	66,1	457,4	8,0
2020/III	576,9	70,8	27,5	43,3	502,7	3,4
2020/IV	571,4	65,3	30,1	35,2	502,8	3,3
2021/I	558,1	75,8	33,8	42,0	479,9	2,4
2021/II	565,1	80,7	39,0	41,7	480,9	3,4
2021/III	587,1	69,2	31,4	37,8	515,7	2,2
2021/IV	574,9	74,0	39,6	34,4	498,5	2,5
Mulleres						
2020/II	497,6	93,1	14,3	78,8	398,4	6,1
2020/III	505,7	68,4	26,4	42,0	433,7	3,6
2020/IV	509,5	64,1	29,0	35,1	441,0	4,5
2021/I	501,6	69,7	30,4	39,3	428,3	3,7
2021/II	511,7	67,5	30,1	37,4	440,6	3,6
2021/III	525,4	60,9	28,3	32,6	462,0	2,4
2021/IV	516,4	69,3	35,4	33,9	445,1	2,0

Fonte: IGE. Enquisa de poboación activa

2.1.18.

unha medra tanto das persoas ocupadas por conta propia como das asalariadas, sendo este incremento lixeiramente máis acusado no conxunto de traballadores por conta propia. Isto difire do acontecido no conxunto do Estado, onde o incremento da ocupación por conta allea é significativamente máis acusado que no caso das persoas traballadoras por conta propia.

Dunha banda, tras unha medra interanual do 0,9% dos traballadores e traballadoras por conta allea, Galicia conta con 876.400 persoas asalariadas (7.800 máis que no ano anterior), o que representa o 80,8% da súa poboación ocupada, máis de tres puntos por baixo da media española (84,1%). Doutra banda, aumenta un 1,4% o número de persoas traballadoras por conta propia en Galicia, acadando as 208.200 persoas, 2.900 máis que no ano anterior, o que representa o 19,2% da súa poboación ocupada (15,9% en España).

A evolución da poboación ocupada por conta propia reflicte unha medra do número de persoas empresarias

con asalariados, tanto entre homes como mulleres, o que contrasta co descenso do número de homes e mulleres empresarias sen asalariados ou traballadores independentes. No conxunto do ano 2021 o número das persoas empresarias con asalariados aumenta un 7,9% respecto ao ano anterior (5.000 persoas máis), sendo este incremento máis intenso entre homes (10,4%) que entre as mulleres (4%). En relación ao ano 2008, o número de empresarios e empresarias redúcese un 21,6% (18.800 persoas menos), sendo esta caída do 28,9% entre os homes (17.200 persoas) e do 5,8% entre as mulleres (1.600 persoas menos).

No caso das persoas empresarias sen asalariados, o descenso do 2,1% (2.900 persoas menos) ven motivado por unha caída do 3,1% no caso dos homes (2.500 menos) e dun 0,7% entre as mulleres (400 menos). Se a comparación se realiza co ano 2008, o descenso é do 21,8% (37.000 persoas menos), sendo esta caída do 27% entre as mulleres (-20.500) e do 17,5% entre os homes (-16.500)

Persoas asalariadas e taxa de temporalidade en Galicia e España 2020-21: distribución segundo tipo de contrato, sector e sexo

	2020						Taxa de temporalidade		
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total				
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	142,0	517,9	53,2	155,5	195,2	673,4	27,3	23,1	24,0
Homes	64,5	283,3	17,0	82,2	81,4	365,4	20,8	22,5	22,2
Mulleres	77,5	234,6	36,3	73,3	113,8	308,0	31,9	23,8	26,0
España	2.371,6	9.860,6	925,9	2.951,0	3.297,5	12.811,6	28,1	23,0	24,1
Homes	1.133,6	5.369,6	312,3	1.588,0	1.445,9	6.957,6	21,6	22,8	22,6
Mulleres	1.238,0	4.491,0	613,7	1.363,0	1.851,7	5.854,0	33,1	23,3	25,7

	2021						Taxa de temporalidade		
	Contrato indefinido		Contrato temporal		Total				
	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	sector público	sector privado	Total
	(en miles de persoas)						(%)		
Galicia	141,1	520,7	58,2	156,4	199,3	677,1	29,2	23,1	24,5
Homes	62,6	285,6	18,6	80,9	81,2	366,5	22,9	22,1	22,2
Mulleres	78,5	235,1	39,6	75,5	118,1	310,6	33,6	24,3	26,9
España	2.383,6	10.072,3	1.065,6	3.104,2	3.449,1	13.176,5	30,9	23,6	25,1
Homes	1.110,4	5.513,7	334,7	1.626,8	1.445,1	7.140,6	23,2	22,8	22,8
Mulleres	1.273,2	4.558,6	730,9	1.477,4	2.004,1	6.036,0	36,5	24,5	27,5

Fonte: INE, EPA

2.1.19.

No que ao emprego por conta allea se refire, o devandito incremento prodúcese tanto pola medra das persoas asalariadas no sector público (2,1%; 4.100 persoas máis) como, en menor medida, no ámbito privado (0,5%; 3.700 persoas). O mercado laboral español presenta en ambos os dous casos un maior dinamismo, aumentando un 4,6% e un 2,8%, respectivamente. Tras esta evolución, o número total de asalariados e asalariadas no sector privado ascende a 677.100 persoas, o 77,3% do total das persoas asalariadas (79,3% en España) e as restantes 199.300 persoas corresponden ao sector público (22,7% e 20,7%, respectivamente).

A devandita recuperación do emprego asalariado prodúcese con maior intensidade entre as mulleres que entre os homes tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Dunha banda, o incremento do 1,7% das mulleres asalariadas (6.900 mulleres) explícase fundamentalmente polo incremento da ocupación no sector público (3,8%), o que contrasta coa evolución estimada entre os homes, onde se reduce lixeiramente o em-

prego público (-0,2%) e aumenta un 0,3% no sector privado (0,9% entre as mulleres).

Atendendo á desagregación segundo o nivel formativo, o 50,7% das persoas ocupadas posúen estudos secundarios ou equivalentes (550.500 persoas), sendo esta porcentaxe punto e medio superior á media española (49,2%). Así mesmo, o 47,1% da poboación ocupada galega acredita estudos superiores (511.400 persoas), porcentaxe case un punto superior á rexistrada de media no Estado (46,2%). Ao igual que acontece en España, o peso relativo da ocupación masculina segue a ser superior á feminina no caso das persoas con estudos secundarios (56% dos homes ocupados fronte ao 44,8% das mulleres no caso galego), a diferenza do que acontece entre a poboación con estudos superiores, xa que o 53,7% das mulleres ocupadas posúen esta titulación fronte ao 41,3% no caso dos homes.

A creación do emprego céntrase nas persoas con

estudos superiores fronte ao axuste experimentado fundamentalmente entre as persoas cos estudos secundarios. Dunha banda, o número de persoas con estudos superiores medra un 4,4% (21.700 persoas máis), sendo esta medra máis intensa entre as mulleres, cun 4,7% (12.400 persoas máis), que entre os homes, cun 4,1% (9.300 homes). Doutra banda, descende un 1,3% o número de persoas ocupadas con educación secundaria (7.300 persoas ocupadas menos), situándose esta caída no 1,8% entre as mulleres (5.800 persoas menos), máis dun punto porcentual por riba do estimado entre os homes (0,6%, 1.500 ocupados menos en relación ao ano anterior). A ocupación das persoas con estudos primarios descende no conxunto do ano en 3.200 persoas ocupadas (2.400 mulleres e 900 homes menos que no ano anterior), o que supón un 12,1% menos que en 2020 (-5,3% entre os homes e -23,6% no caso das mulleres).

No que á nacionalidade das persoas ocupadas se refire, a medra interanual de 10.900 persoas ocupadas no conxunto do ano 2021 explícase pola evolución das persoas de nacionalidade española, con 11.200 persoas ocupadas máis, o que contrasta co descenso experimentado no caso da poboación estranxeira (300 persoas menos). En termos relativos, o incremento do 1,1% da poboación ocupada de nacionalidade española ven impulsado polo crecemento do 4,6% da poboación de 45-54 anos (14.200 persoas máis) e no de 55 e máis anos, co 4% (8.900 persoas). Por contra, cómpre mencionar o descenso do 3,1% entre aquelas persoas españolas de 35-44 anos (9.200 persoas menos) ou en menor medida da poboación de 25-34 anos, cunha redución do 1,8% (2.800 persoas). A diferenza do acontecido entre as persoas españolas, aumenta a poboación ocupada estranxeira entre as persoas de 25-44 anos (2.500 persoas máis no caso da poboación de 35 a 44 anos), reducíndose un 17,7% entre as de 45-54 anos (1.700 persoas) e un 19,2% nos de 55 e máis anos (1.000 menos).

No concernente á desagregación segundo sexo, cómpre resaltar dous importantes aspectos. Dunha banda, fronte á caída do 5,3% da ocupación feminina estranxeira (1.300 mulleres menos) a ocupación entre os

homes medra un 3,8% (1.000 persoas máis). Doutra banda, o incremento da poboación ocupada española prodúcese entre homes e mulleres, sendo significativamente máis intenso entre as mulleres, cunha medra interanual do 2% (9.800 persoas), que entre os homes (0,3%; 1.400 ocupados máis).

Teletraballo

As restricións de mobilidade aprobadas para frear a expansión da covid motivaron un forte impulso do teletraballo, de forma que no segundo trimestre de 2020 un total de 145.000 persoas teletraballaron máis da metade dos días que traballaron, o que representa o 13,8% da poboación ocupada, dous puntos e medio menos que no conxunto do Estado.

O RDL 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da covid establecía o carácter preferente do traballo a distancia fronte a outras medidas en relación co emprego. A expansión da pandemia e a necesidade de medidas de contención aceleraron cambios sen precedentes nas relacións laborais, entre elas o teletraballo. En xullo de 2021 aprobouse a Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia, que regula o traballo a distancia que se preste, nun período de referencia de tres meses, un mínimo do 30% da xornada, ou a porcentaxe proporcional equivalente en función da duración do contrato de traballo.

Coincidindo cun novo pico da pandemia en xaneiro de 2021, Galicia presenta unha medra superior ao 11% do número de persoas que teletraballaron máis da metade dos días que traballaron, acadando as 81.400 persoas no primeiro trimestre do ano, 11.100 persoas máis que no trimestre anterior. Dende entón redúcese o teletraballo entre as persoas que disfrutaban desta situación máis da metade dos días que traballaron, acadando no derradeiro trimestre do ano as 68.200 persoas, o 6,2% da poboación ocupada, a porcenaxe máis reducida da serie estatística considerada (7,9% en España).

Non obstante, a análise da evolución segundo sexo reflicte que no cuarto trimestre do ano o número de per-

Poboación ocupada en Galicia e España 2021: distribución segundo tipo de xornada de traballo

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
(en miles de persoas)						
Galicia	938,8	146,3	537,1	34,2	401,7	112,1
España	17.032,0	2.741,7	9.957,4	694,4	7.074,6	2.047,3

	Total		Homes		Mulleres	
	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial	tempo completo	tempo parcial
(taxa de variación interanual %)						
Galicia	0,6	3,4	0,1	5,0	1,3	2,9
España	3,2	1,7	2,3	-0,9	4,4	2,5

Fonte: INE, EPA

■ 2.1.20.

soas que teletraballaron máis da metade dos días que traballaron aumenta no caso das mulleres en relación ao trimestre anterior, o que contrasta co descenso experimentado entre os homes. No derradeiro trimestre de 2021 o 6,6% das mulleres ocupadas (33.900 persoas) teletraballaron a metade dos días que traballaron fronte ao 6% no caso dos homes (34.400 persoas).

Temporalidade e duración da xornada de traballo

Xunto ao devandito positivo comportamento do mercado de traballo en termos agregados, reflectido na mellora da participación da poboación na actividade e na ocupación, a reactivación económica non se traduce nunha mellora da calidade de emprego na mesma intensidade atendendo ao maior dinamismo da ocupación a tempo parcial respecto da ocupación a tempo completo así como ao incremento de persoas asalariadas con contrato temporal significativamente máis intenso que no caso dos contratos indefinidos.

Dunha banda, no que se refire á distribución da poboación ocupada estimada pola EPA segundo tipo de contrato e sector (**cadro 2.1.20.**), a recuperación económica reflíctese nunha medra do número de persoas asalariadas con contrato temporal do 2,8% (5.900 persoas máis) fronte ao 0,3% estimado entre aqueles con contratos indefinidos (1.900 persoas). O mercado

laboral español presenta taxas de variación interanuais superiores ás galegas en ambos os dous casos, ao crecieren un 7,6% e 1,8%, respectivamente.

O devandito incremento das persoas asalariadas con contratos temporais prodúcese basicamente entre as mulleres, cunha medra interanual do 5% (5.500 persoas asalariadas máis), sendo este incremento do 0,4% entre os homes (400 persoas). Do mesmo xeito, este maior dinamismo apréciase tamén no caso das mulleres asalariadas con contratos indefinidos ao medrar un 0,5% (1.500 mulleres máis) fronte ao 0,1% entre os homes (500 persoas).

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade en Galicia aumenta ata o 24,5%, seis décimas inferior á estimada para o conxunto do España, cando no ano anterior ascendía ata o 24%. A temporalidade é superior no caso das mulleres que dos homes, que se sitúan no 26,9% e 22,2%, respectivamente, sendo en ambos os dous casos inferior á media estatal (27,5% e 22,8%).

Atendendo á distribución segundo sector, cómpre destacar que o devandito incremento da temporalidade explícase polo comportamento no ámbito público. Mentres que a taxa de temporalidade no sector privado permanece constante no 23,1%, ésta aumenta en case dous puntos no sector público para situarse no 29,2% no último ano (27,3% en 2020). Este indicador

Contratos de traballo en Galicia 2008-21: distribución segundo modalidade e duración do contrato

	Total	A tempo completo	A tempo parcial	Fixo discontinuo	Indefinidos	Convertidos en indefinidos	Temporais
		(Total = 100)			(Total = 100)		
2008	794.170	75,2	24,2	0,6	5,8	5,2	89,0
2013	706.778	62,7	36,7	0,5	4,4	3,2	92,4
2019	1.086.121	62,8	36,5	0,7	4,3	4,0	91,7
2020	749.217	65,8	33,3	0,8	4,8	4,4	90,9
2021	918.214	64,8	34,4	0,8	4,8	5,0	90,2

Fonte: IGE, *Movemento laboral rexistrado*.

2.1.21.

acada valores superiores no conxunto do Estado, rexistrándose un diferencial máis acusado no ámbito público (30,9%) que no privado (23,6%).

Doutra banda, no que á duración da xornada de traballo se refire, os datos da EPA reflicten unha medra interanual da ocupación a tempo parcial do 3,4% (4.800 persoas máis) fronte ao 0,6% (6.000 persoas) no caso do emprego a tempo completo. Isto contrasta co estimado para o conxunto do España, onde o emprego a tempo completo presenta taxas de variación interanual significativamente máis elevadas que na ocupación a tempo parcial (3,2% e 1,7%, respectivamente).

Tras esta evolución, un total de 143.300 persoas teñen en Galicia un traballo a tempo parcial, o que supón que o seu peso relativo na poboación ocupada galega aumenta ata o 13,5% (13,9% no conxunto do Estado), e 938.800 teñen un contrato a tempo completo, o 86,4% do total (86,1% en España).

A análise da desagregación segundo tipo de xornada de traballo e sexo da poboación ocupada reflicte a desigualdade entre homes e mulleres. Dunha banda, o 76,6% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia en 2021 son mulleres, catro décimas menos que no ano precedente, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 42,8%, tres décimas máis que en 2020. Doutra banda, o 21,8% das mulleres teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 6% estimado na ocupación entre os homes (21,6% e 5,7% no ano precedente, respectivamente).

No último ano en Galicia hai un total de 112.100 mulleres ocupadas a tempo parcial, 3.200 máis que no ano anterior (2,9%), fronte aos 34.200 homes, 1.600 máis que no ano precedente (4,9%). Ao mesmo tempo, o emprego das mulleres a tempo completo aumenta un 1,3%, acadando as 401.700 persoas (5.300 mulleres máis), o que contrasta co incremento do 0,1% (700 persoas) experimentado entre os homes, que acada os 537.100 homes con contrato a tempo completo.

As ramas de actividade que presentan un maior peso das xornadas de traballo a tempo parcial pertencen ao sector servizos. En termos absolutos destacan as actividades de comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas, con 29.000 persoas ocupadas cunha xornada parcial, e as actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais, con 23.000 persoas, o que representa o 19,8% e 15,7% das persoas ocupadas a tempo parcial. En termos relativos cómpre destacar que o 21,9% do emprego total na hostalería está ocupado a tempo parcial (21,2% no ano anterior) fronte ao 17,2% da actividade comercial e o 14,5% das devanditas actividades de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais (15,7% e 14,6% no ano 2020).

Por último, cómpre resaltar que case o 52% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no ano 2021 teñen unha xornada parcial por non poder atopar un traballo de xornada completa. Segundo os datos da EPA, no último ano un total de 76.000 persoas ocupadas consideran que este é o principal motivo para ter un contrato a tempo parcial (3.300 máis que no ano pre-

cedente), sendo esta porcentaxe do 54,4% no caso dos homes (18.600 persoas) e do 51,2% no das mulleres (57.400 persoas). No caso das mulleres, o coidado de nenos ou de adultos sitúase como segundo motivo, co 19,7% (22.100 mulleres), en tanto que entre os homes o segundo motivo está vinculado en 2021 a cursos formativos, cun 11,1% (3.800 homes).

Asemade, no último ano redúcese o número de persoas ocupadas a tempo parcial por non querer un traballo a tempo completo (1.500 persoas menos; -10,9%), rexistrándose esta caída tanto entre mulleres (400 persoas menos; -3,8%) como entre homes (1.100 persoas; -34,4%). Tras esta evolución, das 12.200 persoas nesta situación 10.100 son mulleres e 2.100 homes.

Fluxos de entrada no mercado de traballo. Contratacións

A reactivación económica rexistrada en 2021 reflíctese nunha medra interanual do número de contratacións tanto en Galicia como en España. Tras unha medra interanual do 22,6%, un punto por riba do rexistrado no conxunto do Estado, en 2021 asináronse un total de 918.214 contratos en Galicia (168.997 contratos máis que no ano precedente) o que representa o 4,7% do total estatal. Este comportamento positivo ten de ser matizado tendo en conta non só que o este incremento é inferior á caída experimentada no ano anterior por mor da crise orixinada pola pandemia, senón que o nivel de contratacións é aínda inferior ao rexistrado en 2016.

Atendendo á evolución das contratacións ao longo do ano, o **gráfico 2.1.22.** reflicte que a partir do mes de marzo as contratacións rexistradas en 2021 superan o volume do ano anterior tanto no caso dos contratos temporais como dos indefinidos ordinarios. Non obstante, o volume total de contratos mantense por baixo do acadado en 2019 en todos os meses agás en novembro. Cómpre resaltar que o número de contratos indefinidos ordinarios asinados en 2021 supera ao de 2019 nos meses de xuño, agosto, setembro, novembro e decembro.

Do total de contratos, 872.427 corresponden a contratos iniciais (827.641 contratos temporais e 44.786 de duración indefinida) e os restantes 45.787, a contratos convertidos en indefinidos. Comparado co ano anterior, a devandita medra interanual de contratos prodúcese de xeito máis intenso no caso dos contratos indefinidos, cun incremento do 24,1% (8.686 contratos máis), que no dos contratos de duración temporal, cun 21,6% (147.228 contratos). As conversións en indefinidos aumentaron no último ano un 40%, o que supón 13.083 contratos máis. O conxunto de España presenta un comportamento similar, se ben o incremento é significativamente superior ao rexistrado en Galicia tanto nas contratacións indefinidas (31,9%) como nas conversións en indefinidos (44,1%) ao contrario do que acontece coa contratación temporal (20%). Tras esta evolución, o 90,1% dos contratos en Galicia son contratos de duración temporal, fronte ao 4,9% dos contratos indefinidos e o 5% correspondente ás conversións en indefinidos.

No que á contratación inicial indefinida se refire, os homes volven a asinar un maior número de contratos. Tras unha medra interanual do 23,3%, os homes asinaron un total de 23.902 contratos (53,4% dos contratos indefinidos) fronte aos 20.884 contratos das mulleres (24,9% máis que no ano anterior). No exercicio anterior, os homes asinaron o 53,7% destes contratos (19.378 contratos) fronte ao 46,3% por parte das mulleres (16.722 contratos).

Os contratos indefinidos asinados en Galicia en 2021 concéntranse en maior medida no grupo de persoas maiores de 45 anos. Os contratos asinados por mulleres maiores de 45 anos representan o 35,8% do total de contratos asinados por elas, máis de catro puntos por riba do peso relativo no caso dos homes (31,4%). Por contra, as persoas que menos contratos indefinidos asinan son os menores de 25 anos, ao asinar o 10,9% dos contratos entre os homes e o 9,6% entre as mulleres.

Asemade, do total de contratos indefinidos ordinarios iniciais asinados o 61,3% son a xornada completa (27.078 contratos), fronte ao 26,4% a tempo parcial (11.675 contratos) e o 12,3% restante (5.435) fixos des-

Evolución mensual do número de contratos asinados en Galicia 2008-2021: distribución segundo duración



(1) Os contratos indefinidos ordinarios do ano 2008 inclúen os de fomento do emprego da lei 63/1997
 Fonte: IGE, *Movemento laboral rexistrado*.

2.1.22.

continuos. Cómpre destacar a importante diferenza que existe entre homes e mulleres, xa que o 71,7% dos contratos asinados por homes son contratos a tempo completo fronte ao 49,4% no caso das mulleres, o que contrasta co 14,2% dos contratos a tempo parcial entre os homes fronte ao 40,4% entre as mulleres.

No concernente ao número de contratos temporais, no conxunto do ano 2021 asináronse un total de 827.641 contratos, o que representa o 90,1% do total de contratos asinados na Comunidade Autónoma. Do total de contratos temporais asinados, o 52,1% (431.297 contratos) corresponden a homes e o 47,9% restante a mulleres (396.344). No conxunto do ano a contratación

temporal aumenta en maior medida entre as mulleres, asinándose un 23,7% máis de contratos que no ano anterior fronte ao 19,8% entre os homes.

Os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os de obra ou servizo son os máis numerosos, acollendo o 49,8% e o 30% da contratación temporal total, respectivamente. As principais diferenzas entre os contratos asinados por homes e mulleres prodúcense no caso dos contratos por obra e servizo, cuxo peso relativo na contratación temporal é do 33,5% entre os homes e do 26,1% entre as mulleres, e en maior medida no caso dos contratos de interinidade, onde o seu peso relativo entre as mulleres é oito pun-

Contratos iniciais de traballo e contratos convertidos en indefinidos en Galicia e España 2021: distribución segundo tipo

	Total		Homes		Mulleres		Galicia / España		21/20	
	(%)		(%)		(%)				Galicia (%)	España (%)
Contratos de duración indefinida	44.786	4,9	23.902	5,0	20.884	4,8	3,6	24,1	31,9	
Indefinido ordinario	44.188	4,8	23.540	4,9	20.648	4,7	3,6	24,0	31,9	
Indefinido persoas con discapacidade	598	0,1	362	0,1	236	0,1	6,8	25,1	35,1	
Contratos de duración temporal	827.641	90,1	431.297	89,7	396.344	90,7	4,8	21,6	20,0	
Obra ou servizo	275.310	30,0	161.163	33,5	114.147	26,1	3,9	11,2	12,1	
Eventual segundo circunstancias da produción	457.107	49,8	237.558	49,4	219.549	50,2	5,3	30,0	28,1	
Interinidade	80.636	8,8	23.910	5,0	56.726	13,0	6,0	12,2	13,4	
Temporais pers. discapacidade	1.600	0,2	993	0,2	607	0,1	7,2	34,3	36,8	
Relevo	254	0,0	117	0,0	137	0,0	3,1	-4,2	15,8	
Xubilación parcial	860	0,1	636	0,1	224	0,1	3,8	16,5	17,6	
C. de substitución por xubilación aos 64 anos	17	0,0	2	0,0	15	0,0	2,7	-34,6	-10,4	
Contrato en prácticas	4.082	0,4	2.303	0,5	1.779	0,4	5,1	26,8	55,8	
Contrato para a formación	3.431	0,4	1.766	0,4	1.665	0,4	11,2	166,2	24,5	
Outros contratos	4.344	0,5	2.849	0,6	1.495	0,3	5,7	58,7	7,5	
Contratos convertidos en indefinidos	45.787	5,0	25.875	5,4	19.912	4,6	5,2	40,0	44,1	
Total contratos	918.214	100	481.074	100	437.140	100	4,7	22,6	21,6	

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.23.

Contratos iniciais segundo duración do contrato 2020-21

	2020			2021			21/20
	(%)	(%)		(%)	(%)		(%)
Total	728.139	100		886.709	100		21,8
Indefinidos	37.571	5,2		47.333	5,3		26,0
Temporais	690.568	94,8	100	839.376	94,7	100	21,5
Menos de 1 semana	182.148	25,0	26,4	248.281	28,0	29,6	36,3
De 1 semana a 1 mes	99.894	13,7	14,5	111.027	12,5	13,2	11,1
De 1 a 6 meses	134.165	18,4	19,4	166.714	18,8	19,9	24,3
De 6 meses a 1 ano	18.242	2,5	2,6	23.364	2,6	2,8	28,1
Máis de 1 ano	1.798	0,2	0,3	2.309	0,3	0,3	28,4
Indeterminado	254.321	34,9	36,8	287.681	32,4	34,3	13,1

Nota: A clasificación dos contratos faise segundo de residencia do traballador independentemente de que o contrato se rexistrase dentro da Comunidade galega ou fóra dela

Fonte: IGE, *Movemento laboral rexistrado*.

2.1.24.

tos superior ao dos homes (13% e 5%, respectivamente).

Se se ten en conta o número de contratos temporais formalizados no último ano e o número de persoas asalariadas temporais, o índice de rotación laboral descende en Galicia ata os 3,9 contratos por persoa asalariada temporal, 0,6 máis que no ano anterior, au-

mentando no conxunto do Estado ata os 4,1 contratos (3,7 contratos en 2020). Este grado de rotación segue a ser sensiblemente superior no caso dos homes que no das mulleres, acadando en Galicia os 4,3 e 3,4 contratos por persoa asalariada temporal, respectivamente. No conxunto do Estado este indicador sitúase no 4,9 contratos entre os homes e 3,5 entre as mulleres.

Contratos de traballo en Galicia e España 2021: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia/ España
	(% / total)		(% / total)		(%)
Sector primario	30.320	3,5	2.874.501	15,5	1,1
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	30.320	3,5	2.874.501	15,5	1,1
Industria	157.127	18,0	2.233.385	12,1	7,0
Industrias extractivas	565	0,1	6.490	0,0	8,7
Industria manufacturera	151.224	17,3	2.107.739	11,4	7,2
Subministro enerxía eléctrica, gas, vapor e A.A.	323	0,0	7.517	0,0	4,3
Sum. agua, act. saneam., xestión de residuos e descontaminación	5.015	0,6	111.639	0,6	4,5
Construción	35.751	4,1	1.037.524	5,6	3,4
Servizos	649.229	74,4	12.361.084	66,8	5,3
Comercio por xunto e polo miúdo, reparación vehículos motor.	104.824	12,0	1.925.785	10,4	5,4
Transporte e almacenamento	111.168	12,7	1.434.735	7,8	7,7
Hostalería	143.954	16,5	2.641.396	14,3	5,4
Información e comunicación	23.297	2,7	605.356	3,3	3,8
Actividades financeiras e seguros	3.434	0,4	72.071	0,4	4,8
Actividades inmobiliarias	838	0,1	43.235	0,2	1,9
Activ. prof. cient.e tecn.	21.874	2,5	530.586	2,9	4,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	70.401	8,1	1.681.398	9,1	4,2
Admón. publ. def. e sso.	23.710	2,7	479.222	2,6	4,9
Educación	27.489	3,2	618.516	3,3	4,4
Activ. san. e serv. soc.	47.271	5,4	1.214.120	6,6	3,9
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento.	44.713	5,1	631.506	3,4	7,1
Outros servizos	14.875	1,7	250.349	1,4	5,9
Actividades do fogar	11.243	1,3	229.545	1,2	4,9
Act. de organiz. e organismos extra-territoriais	138	0,0	3.264	0,0	4,2
Total	872.427	100	18.506.494	100	4,7

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal, *Estadística de contratos*

2.1.25.


Atendendo á duración dos contratos, os datos proporcionados polo IGE sinalan que no último ano os contratos temporais máis numerosos son aqueles cunha duración indeterminada, ao concentrar o 34,3% dos contratos temporais (36,8% no ano anterior). Séguelle en importancia os que teñen unha duración inferior a unha semana, que tras unha medra do 36,3% representan o 29,6% dos contratos temporais, máis de tres puntos porcentuais superior ao do ano precedente (26,4%). Tal e como se desprende do **cadro 2.1.24.**, o 42,8% dos contratos temporais asinados en Galicia tiveron unha duración inferior a un mes, e un 19,9% dos contratos temporais foron de un a seis meses.

O 74,4% do total de contratos iniciais son asinados no sector servizos (649.229 contratos), acollendo a industria o 18% do total (157.127 contratos); a construción un 4,1%; e o sector primario o restante 3,5% (35.751 e 30.320 contratos, respectivamente). Os catro grandes

sectores presentan unha medra da contratación, rexistrando o sector servizos, por mor da maior incidencia das medidas económicas adoptadas para frear a propagación do coronavirus, o incremento interanual máis acusado, cun 24,1% (126.285 contratos máis). Por contra, o sector primario presenta o menor incremento tanto en termos relativos como absolutos, cunha medra do 2% (599 contratos máis). A industria rexistra unha medra interanual do 20% (26.223 contratos) fronte ao 8,5% no sector da construción (2.807 contratos máis).

No ámbito do sector servizos destacan polo seu número os contratos eventuais por circunstancias da produción, que representan o 54,1% do total de contratos iniciais do sector terciario e o 76,8% dos contratos eventuais rexistrados en Galicia no último ano. Por outra banda, os contratos predominantes na construción e no sector primario corresponden aos contratos por obra ou servizo,

Evolución mensual do número de contratos asinados en Galicia 2013-2021: distribución principais ramas de actividade



Fonte: IGE, Movemento laboral rexistrado.

2.1.26.

ao representar o 54,2% e 58,1% dos contratos iniciais asinados en cada un dos ditos sectores.

O sector no que a contratación indefinida ten un maior peso porcentual é o primario (13,2% do total de contratos iniciais), seguido da construción (10,8%). Por baixo da media galega (5,1%) situaríanse novamente o sector servizos, cun 4,8%, e a industria, cun 3,1%.


Desagregando a nivel de rama de actividade, a industria manufacturera, sitúase como a actividade que concentra o maior número de contratos, con 151.224, o 17,3% das contratacións iniciais galegas, adiantando á hostalería, quen rexistra un total de 143.954 contratos (16,5%). A continuación, estarían as actividades de transporte e almacenamento, con 111.168 contratos

(12,7%) e as actividades de "comercio por xunto e polo miúdo, reparación de vehículos de motor", con 104.824 contratos (12%). O gráfico 2.1.26. amosa a evolución mensual das contratacións na industria do automóbil, así como do comercio, hostalería e o transporte, onde se aprecia o forte impacto da crise nos sectores da hostalería e o comercio.


Comparado co total estatal, cómpre salientar o peso relativo da contratación na industria extractiva, que representa o 8,7% do total estatal, así como do transporte e almacenamento, cun 7,7%, e o das actividades artísticas, recreativas e de entretemento, e industria manufacturera, que representan un 7,1% e 7,2%, respectivamente.

Expedientes de regulación temporal de empleo 2021: solicitudes aprobadas e traballadores afectados

Evolución mensual



Datos acumulados



Fonte: Consellería de emprego e Igualdade

2.1.27.

Expedientes de regulación temporal de empleo (ERTE) e prestacións extraordinarias de protección a traballadores autónomos

O principal instrumento para afrontar o impacto negativo da covid-19 no mercado de traballo foi o ERTE nas actividades directamente afectadas polo estado de alarma (RDL 8/2020, de 17 de marzo), complementándose e ampliándose posteriormente cos distintos acordos sociais en defensa do emprego.

Segundo os datos facilitados pola Consellería de Emrego e Igualdade, o número total de solicitudes de ERTE aprobadas no conxunto do ano 2021 acumuladas a 31 de decembro ascendeu a 6.179, sete veces menos que no ano anterior, en tanto que o número de persoas traballadoras afectadas se sitúa en 35.659. Ao longo do ano 2021, coincidindo con novos picos de expansión do virus, o maior número de solicitudes de ERTE e traballadores afectados rexistrouse en febreiro. Como reflicte o **gráfico 2.1.27.**, neste último mes aprobáronse

Empresas e número de persoas acollidas a un Expediente de regulación temporal de emprego 2021 ^{(1) (2)}

	Nº afiliados en ERTE						Empresas con ERTE (3)			
	Total	Anteriores RDL 30/2020	Cadena de valor	Cnaes anexo	Impedimento	Limitación	Total	Non Forza Maior	Forza Maior	ERTES RDL 30/2020 e posteriores
Xaneiro	47.810	10.830	497	6.119	13.968	16.396	10.424	730	3.419	6.275
Febreiro	41.399	9.832	487	6.171	5.521	19.388	14.250	778	3.177	10.295
Marzo	29.067	8.698	460	4.940	1.299	13.670	12.378	781	2.856	8.741
Abril	25.714	7.896	442	4.730	1.226	11.420	10.450	725	2.608	7.117
Maio	21.848	8.566	391	3.981	923	7.987	8.964	669	2.354	5.941
Xuño	17.038	8.728	274	2.658	623	4.755	7.593	568	2.090	4.935
Xullo	11.139	4.415	187	2.107	531	3.899	5.442	467	1.688	3.287
Agosto	11.973	6.081	163	1.973	318	3.438	4.828	404	1.530	2.894
Setembro	11.282	6.306	151	1.713	236	2.876	4.357	384	1.396	2.577
Outubro	6.834	3.090	118	1.408	134	2.084	3.543	344	1.135	2.064

	Total ERTES	ERTES COVID	ERTES no COVID (ART. 47 E.T.)
Novembro	5.823	4.427	1.396
Décembro	5.416	4.500	916

	Total ERTES	ERTES COVID	ERTES no COVID
	-	-	-
	1.901	1.725	176

(data da consulta: 25-03-2022)

(1) Último día de cada mes

(2) Ata outubro son ERTES vinculados ao Covid

(3) Datos extraídos das notas de prensa

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.1.28.

Expedientes de regulación temporal de empleo 2021: distribución segundo principais ramas de actividade

ERTE por Forza Maior

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados	
	(número)	(%)	(número)	(%)
56 Servicios de comidas e bebidas	3.464	56,1	9.028	25,3
47 Comercio polo miúdo agás vehículos de motor e motocicletas	804	13,0	3.423	9,6
93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	446	7,2	2.150	6,0
Subtotal	4.714	76,29066	14.601	40,9
Total xeral	6.179	100	35.659	100

ERTE por razóns Económicas, Técnicas, Organizativas e de Producción

	Solicitudes tramitadas		Traballadores afectados	
	(número)	(%)	(número)	(%)
96 Outros servizos persoais	20	0,3	1.296	3,6
14 Confección de prendas de vestir	18	0,3	218	0,6
46 Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás vehículos de motor e motocicletas	18	0,3	100	0,3
Subtotal	56	0,9	1.614	4,5
Total xeral	6.179	100	35.659	100

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.1.29.

un total de 3.695 solicitudes afectando a 12.926 traballadores, por diante do mes de xaneiro, con 1.689 solicitudes, e decembro, con 8.110 persoas traballadoras afectadas.

Tendo en conta a devandita evolución, os datos publicados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións reflicten que a 31 de decembro de 2021 o número de persoas protexidas por un expediente de regulación temporal de emprego por covid ascende en Galicia a 4.500 persoas (916 ERTE non covid), o 4,2% do total estatal. Nesa mesma data, o número total de empresas que teñen un ERTE aprobado por mor da covid ascende en Galicia a 1.725 –código conta de cotización–, o que representa o 6,2% do rexistrado no conxunto de España (**cadro 2.1.28.**).

Atendendo á diferenciación segundo sexo das persoas protexidas por un ERTE a último día de cada mes, Galicia presenta en media anual un maior peso relativo das mulleres afectadas por ERTE. No conxunto do Estado representa o 52% fronte ao 57,1% na Comunidade Autónoma.

Dende un punto de vista sectorial, **cadro 2.1.29.**, cómpre resaltar a elevada concentración do número de persoas protexidas por algunha modalidade de ERTE. Segundo os datos de ERTE correspondentes ao ano 2021 acumulados a 31 de decembro, a rama de actividade con maior número de solicitudes de ERTE de forza maior tramitadas e aprobadas e o maior número de persoas traballadoras afectadas é a hostalería (CNAE 56), que concentra o 56,1% das solicitudes totais (3.464) e o 25,3% dos traballadores protexidos (9.028 persoas), seguido polo comercio polo miúdo (CNAE 47) que acolle o 13% das solicitudes e o 9,6% das persoas afectadas (804 solicitudes e 3.423 persoas). En conxunto, ambas ramas de actividade concentran o 69,1% das solicitudes tramitadas e o 34,9% das persoas afectadas por estas solicitudes.

Por contra, tres ramas de actividade industrial lideran o ranking sectorial en termos de traballadores protexidos por un ERTE por razóns económicas, técnicas, organizativas e de produción. Dunha banda, as 20

solicitudes tramitadas en 2021 correspondentes ao sector de outros servizos persoais (CNAE 96) afectaron a 1.296 persoas, o que representa o 80,3% do total de traballadores afectados por esta modalidade de ERTE (3,6% do total de persoas afectadas por ERTE covid). A industria de confección de prendas de vestir (CNAE 14) acollería ao 13,5% das persoas protexidas por estes expedientes de regulación (218 persoas) e o de comercio por xunto e intermediarios de comercio, agás vehículos de motor e motocicletas as 100 persoas restantes afectadas por estes ERTE por razóns económicas, técnicas e de produción.

Se os ERTE son o principal mecanismo de protección de traballadores por conta allea, as prestacións extraordinarias por cese de actividade de traballadores autónomos o son no caso dos traballadores por conta propia. Segundo os datos presentados polo Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migracións nas súas notas de prensa, a 20 de decembro de 2021 o número total de solicitudes de prestacións para autónomos presentadas ascendeu a 5.593 (a 31 de decembro do ano anterior esta cifra ascendía a 24.769), das que foron resoltas favorablemente un total de 4.546 solicitudes, o 81,3%. No conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 79,5%.

Atendendo á súa evolución ao longo de todo o ano, o **cadro 2.1.30.** reflicte que nos meses de abril e maio o número de solicitudes presentadas supera as 30.000, sendo resoltas favorablemente máis do 88,5% das solicitudes.

Poboación parada

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA) reflicten que, tras o incremento experimentado no ano anterior, en 2021 retómase a tendencia descendente do desemprego iniciada no ano 2014. A poboación parada en Galicia ascende no último ano ata as 143.100 persoas, das que 75.400 son mulleres (52,7%) e 67.700 son homes (47,3%). O desemprego redúcese un 2,5% (3.600 persoas menos), o que supón unha caída catro décimas inferior á experimentada no conxunto do Estado. A taxa de paro en Galicia descende

Prestacións extraordinarias para autónomos 2020-21

	2020 ⁽¹⁾	Solicitudes resoltas	
	Solicitudes	favorablemente	
	presentadas		(%)
Maio	88.748	85.672	96,5
Xuño	90.423	87.796	97,1
Xullo	88.528	-	-
Agosto	88.639	-	-
Setembro	88.660	-	-
Outubro	13.203	9.909	75,1
Novembro	25.110	20.778	82,7
Decembro	24.769	20.367	82,2

	2021	Solicitudes resoltas	
	Solicitudes	favorablemente	
	presentadas		(%)
Xaneiro	(31 xaneiro) 27.328	21.551	78,9
Febreiro	(28 febreiro) 25.683	21.611	84,1
Marzo	(29 marzo) 29.309	25.597	87,3
Abril	(3 maio) 30.211	26.792	88,7
Maio	(24 maio) 30.382	26.903	88,5
Xuño	28 xuño) 10.662	7.695	72,2
Xullo	(26 xullo) 11.923	9.990	83,8
Agosto	(2 agosto) 12.052	10.115	83,9
Setembro	(27 setembro) 12.226	10.250	83,8
Outubro	(2 novembro) 5.299	4.103	77,4
Novembro	(29 novembro) 5.542	4.490	81,0
Decembro	(20 decembro) 5.593	4.546	81,3

(1) Último día de cada mes

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones; *Notas de prensa*

2.1.30.

ata o 11,7%, tres décimas menos que a media do ano anterior, manténdose significativamente por baixo da media española (14,8%).

Atendendo aos valores das taxas de paro, o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino manténdose practicamente estable o diferencial entre as taxas de paro femininas e masculinas. A taxa de paro foi lixeiramente superior entre as mulleres, que se sitúa no 12,8% fronte ao 10,6% entre os homes. Comparado co acontecido no conxunto do Estado, o diferencial entre homes e mulleres é menos acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 16,7%, 3,7 puntos máis elevada que o desemprego entre os homes (2,2 puntos en Galicia).

Atendendo á distribución provincial, as catro provincias presentan taxas de paro inferiores á media estatal, re-

xistrando Lugo a taxa máis reducida, cun 9%, e Pontevedra a máis elevada, co 13,9%. Asemade, cómpre mencionar que a taxa de paro feminina é superior á masculina en todas as provincias agás en Lugo, onde a taxa de paro entre os homes sitúase no 9,4% fronte ao 8,6% no caso das mulleres. Por contra, Pontevedra non só presenta as taxas de desemprego máis elevadas senón tamén o diferencial máis acusado entre a taxa feminina e masculina (16,3% e 11,7%, respectivamente).

Comparado co ano anterior, cómpre resaltar que o devandito incremento da taxa de paro en Lugo ven motivado polo forte incremento da taxa de paro masculina (1,9 puntos máis que no ano anterior), o que contrasta co descenso de 1,6 puntos entre as mulleres. Ao igual que acontece en Lugo, as taxas de paro na provincia de Pontevedra seguen unha evolución desigual, incrementándose neste caso a taxa de paro feminina (seis déci-

Poboación parada 2021: distribución segundo sexo, nivel de formación acadada, tempo de procura de emprego e idade

	Galicia			21/20			Taxa de paro		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(en miles de persoas)			(en miles de persoas)			(%)		
Total	67,8	75,3	143,1	-1,8	-1,8	-3,6	10,6	12,8	11,7
Nivel de formación acadado									
Analfabetos	-	0,2	0,2	-0,1	0,1	0,0	-	46,7	30,4
Estudios primarios incompletos	0,9	0,6	1,5	0,0	0,0	0,1	35,4	50,0	40,4
Estudios primarios	3,0	2,2	5,2	-0,6	-1,1	-1,6	18,2	23,9	20,2
Educación secundaria primeira etapa	26,5	22,4	48,9	-1,4	-0,5	-1,9	12,3	15,9	13,7
Educación secundaria segunda etapa con orientación xeral	9,7	12,5	22,2	0,7	0,2	0,8	12,3	17,7	14,8
Educación secundaria segunda etapa con orientación profesional	6,5	8,2	14,6	-0,7	0,2	-0,6	9,4	13,3	11,2
Educación superior	21,1	29,3	50,5	0,3	-0,7	-0,4	8,2	9,6	9,0
Grupos de idade									
16 - 24 anos	9,5	6,8	16,2	0,1	-0,9	-0,9	31,2	33,7	32,2
25 - 34 anos	17,7	17,9	35,6	0,3	-1,5	-1,2	16,6	17,8	17,2
35 - 44 anos	13,2	19,8	33,0	-2,5	-0,2	-2,7	7,4	11,9	9,6
45 - 54 anos	14,8	17,7	32,4	-1,0	-1,5	-2,6	7,7	10,1	8,8
55 anos e máis	12,7	13,3	25,9	1,3	2,5	3,8	9,4	10,6	10,0
Tempo de procura de emprego									
Xa atopou emprego	4,7	3,6	8,4	-3,6	-4,7	-8,2			
Menos de 1 mes	5,2	4,9	10,0	0,4	0,7	1,0			
De 1 mes a menos de 3 meses	8,8	10,0	18,8	-1,2	-2,5	-3,6			
De 3 meses a menos de 6 meses	8,8	8,5	17,4	0,5	-1,5	-1,0			
De 6 meses a menos de 1 ano	9,8	12,4	22,1	-1,8	0,6	-1,3			
De 1 año a menos de 2 años	13,7	15,1	28,8	4,2	3,1	7,3			
2 anos ou máis	16,8	20,9	37,7	-0,3	2,5	2,2			

Fonte: IGE-INE, EPA

2.1.31.

mas máis que no ano precedente) e descendendo un punto porcentual a taxa de paro masculina.

En relación á desagregación segundo grupos de idade, a reactivación da actividade económica e a caída da poboación tradúcense nunha redución da taxa de paro tanto para os menores de 25 anos como para o conxunto de persoas de 25 anos ou máis anos. Dunha banda, a taxa de paro nos menores de 25 anos descende ata o 32,2% en Galicia, nove décimas menos que no ano anterior, porcentaxe que se sitúa aínda significativamente por riba da de 2019 tendo en conta o forte impacto da crise no desemprego xuvenil (27,8% en 2019). Doutra banda, a redución da taxa de desemprego nos maiores de 25 anos acada un nivel inferior ao existente en 2019 (10,8% e 11%, respectivamente), o que contrasta co acontecido en España onde a taxa de paro sitúase en 2021 no 13,4%, seis décimas máis que en 2019.

Se se teñen en conta as idades intermedias reflectidas no **cadro 2.1.32.**, a taxa de paro das persoas máis novas mantense no 45%, tres puntos e medio máis que en 2019, en tanto que entre as persoas de 20 a 24 anos a taxa de paro se reduce lixeiramente respecto ao ano anterior para situarse no 30,4% (25,5% no ano 2019). A diferenza do que acontece nos devanditos grupos de idade, a taxa de paro correspondente ás persoas con idades comprendidas entre 25 e 54 anos presenta no último ano un valor inferior ao estimado para o ano 2019, situándose no 11% e 11,3%, respectivamente. Por último, no caso dos maiores de 55 anos a taxa de paro descende ata o 10%, unha décima máis que no ano 2019.

Atendendo ao nivel formativo, e ao igual que nos dous anos anteriores, tan só as persoas con estudos superiores presentan unha taxa de paro inferior á media galega, situándose no 9%, catro décimas por baixo do

Taxas de paro en Galicia e España 2008-21: distribución segundo grupos de idade

	2008	2013	2019	2020	2021	2021				21/20
						I	II	III	IV	
	(%)					(%)				(en puntos %)
Menores de 25 anos										
Galicia	21,1	49,9	27,8	33,1	32,2	37,1	33,7	24,3	35,6	-0,9
España	24,5	55,5	32,5	38,3	34,8	39,5	38,4	31,2	30,7	-3,5
De 16 a 19 anos										
Galicia	31,3	64,8	41,4	45,0	45,0	50,1	42,1	29,4	59,9	-0,1
España	39,4	74,0	45,2	54,3	50,8	58,2	56,6	42,8	49,2	-3,5
De 20 a 24 anos										
Galicia	18,6	48,1	25,5	31,2	30,4	35,3	32,7	23,5	31,9	-0,8
España	20,2	51,8	29,8	35,1	31,6	36,5	34,6	28,4	27,1	-3,6
25 e máis anos										
Galicia	7,5	20,4	11,0	11,1	10,8	12,1	11,5	9,5	9,9	-0,3
España	9,7	23,8	12,8	14,0	13,4	14,5	13,6	13,3	12,2	-0,6
De 25 a 54 anos										
Galicia	7,8	21,3	11,3	11,7	11,0	12,8	11,7	9,7	9,8	-0,7
España	10,1	24,5	12,9	14,5	13,5	14,9	13,8	13,1	12,1	-1,0
De 55 e máis anos										
Galicia	5,6	15,1	9,9	8,9	10,0	9,6	11,0	9,0	10,2	1,1
España	7,1	19,4	12,2	12,1	12,9	12,7	12,8	13,9	12,3	0,9
Total										
Galicia	8,6	22,0	11,8	12,0	11,7	13,0	12,4	10,2	11,0	-0,4
España	11,3	26,1	14,1	15,5	14,8	16,0	15,3	14,6	13,3	-0,8

Fonte: INE, EPA

2.1.32.


estimado no ano anterior (7,7% en 2019). A pesar do seu importante descenso, as taxas de paro máis elevadas obsérvanse no grupo de persoas que posúen como máximo estudos primarios, co 22,7% en 2021, punto e medio inferior ao do ano anterior. Entre as persoas cuxo nivel de estudos sexa a primeira etapa da educación secundaria, a taxa de paro descende ata o 13,7%, dúas décimas menos que no ano precedente, situándose no 13,2% no caso da segunda etapa da ESO (13,1% no ano precedente).

No que atinxe ao tempo utilizado na procura de emprego e á incidencia do desemprego de longa duración, os datos reflectidos no devandito **cadro 2.1.31**. reflicten un incremento importante do número de persoas desempregadas que levaban máis dun ano en situación de desemprego. O 46,5% das persoas desempregadas en 2021 estaban nesta situación, sendo a incidencia do desemprego de longa duración superior entre as mulleres (47,8%) que entre os homes (45%). En termos absolutos, en Galicia hai 37.700 persoas que levan dous anos ou máis en busca de emprego, das que 20.900 son

mulleres, e 28.800 persoas que levan en paro de un a dous anos, das que 15.100 son mulleres.

Por último, no que á análise a nivel sectorial se refire, cómpre mencionar que o devandito descenso interanual do 2,5% da poboación parada estimada pola EPA ven motivado por unha caída superior ao 20% nos sectores servizos, construción e primario fronte ao descenso do 6,5% nas actividades industriais, o que contrasta co mencionado incremento experimentado entre as persoas que levan máis dun ano sen traballar e o das persoas paradas que buscan o seu primeiro emprego (21,2%).

En termos absolutos, o desemprego no sector servizos redúcese en 12.400 persoas en relación ao ano anterior (20,6%) influenciado fundamentalmente pola caída na hostalería (6.100 persoas paradas menos; 38,4%) e no comercio (2.400 persoas; 21,1% inferior ao do ano precedente). O sector da construción foi o que rexistrou o maior descenso en termos relativos, cunha caída do 22,6%, 1.200 persoas paradas menos. No ámbito do

Taxas de paro 2010-21: distribución segundo nivel formativo ⁽¹⁾

(1) Ata 2013 CNED2000, 2014 e seguintes CNED2014
 Fonte: IGE, EPA

2.1.33.

sector primario cómpre resaltar que fronte ao descenso interanual en mil persoas (31,3%) experimentado na actividade agrogandeira, o subsector pesqueiro rexistra un incremento do 8,3% (100 persoas paradas máis). O desemprego no sector industrial aumenta lixeiramente nos tres grandes grupos de actividade considerados.

España, ao igual que acontece en Galicia, caracterízase por unha redución do desemprego nos catro grandes sectores de actividade así como por unha medra do colectivo de persoas que se atopan na procura do seu primeiro emprego ou deixaron o seu último traballo hai máis dun ano. Non obstante, a caída experimentada no sector industrial é significativamente máis acusada no conxunto do Estado (22,7%), o que contrasta co acontecido na construción (14,1%) e sobre todo no sector primario (2,2%). No sector servizos o desemprego redúcese un 23,8% en España, aumentado o número de persoas que se atopan na procura do seu primeiro emprego ou deixaron o seu último traballo hai máis dun ano nun 21%.

Datos rexistrados nas oficinas de emprego

Se a crise económica orixinada pola covid provocou un incremento do desemprego rexistrado tanto en Galicia como en España, rachando así coa tendencia descendente dos seis anos anteriores, a reactivación económica en 2021 trasládase ao mercado de traballo, que presenta unha redución do paro rexistrado.

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas de emprego descende no ano 2021 un 9,3% respecto ao ano anterior, case cinco puntos e medio porcentuais máis que no conxunto do Estado, situándose en 163.400 persoas, nivel similar ao de 2019 (200 persoas máis). Isto difire do acontecido no mercado laboral español, onde o número de persoas paradas rexistradas no último ano é un 13,2% superior ao de 2019. Tras a devandita evolución, Galicia acolle o 4,6% das persoas paradas rexistradas en España, o valor máis reducido da serie considerada (6,4% no ano 2008).

Como se aprecia no **gráfico 2.1.35.**, a partir do mes de


Paro rexistrado en Galicia e España 2008-21 ⁽¹⁾

	Galicia	España	Galicia /España	Galicia	España
	(en miles de persoas)		(%)	(% de variación interanual)	
2008	162,5	2.539,9	6,4	7,9	24,6
2013	276,0	4.845,3	5,7	2,0	2,6
2019	163,2	3.148,8	5,2	-6,5	-4,0
2020	180,3	3.709,8	4,9	10,4	17,8
2021	163,4	3.565,2	4,6	-9,3	-3,9

(1) datos anuais: en medias anuais; datos mensuais: último día de cada mes
Fonte: IGE; *Movemento laboral rexistrado*

2.1.34.

Paro rexistrado 2008-21: evolución mensual



Fonte: IGE; *Movemento laboral rexistrado*

2.1.35.

abril o nivel de desemprego é xa inferior ao rexistrado na mesma data do ano anterior, e dende o mes de agosto sitúase por baixo do paro de 2019. O ano 2021 remata con 152.600 persoas paradas rexistradas, o que supón un 19,5% menos que no mes de decembro de 2020 (-7,7% en relación ao mesmo mes do ano 2019).

O devandito descenso do paro rexistrado no ano 2021 prodúcese tanto entre as mulleres como, en maior me-

dida, entre os homes. O paro rexistrado redúcese un 11,7%% no caso dos homes e un 7,5% entre as mulleres. Tras esta evolución, o número medio anual de mulleres rexistradas nas oficinas de emprego ascende ata as 94.869 persoas (7.699 menos que no ano anterior), o que representa o 58% do total do paro rexistrado, o valor máis elevado dende o inicio da crise económica de 2008. No que se refire ao paro rexistrado masculino, no último ano había inscritos como parados nas ofici-

Paro rexistrado en Galicia e España 2021 ⁽¹⁾: distribución segundo sector de actividade

2021

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(en miles de persoas)						
Galicia	163.447	5.777	18.308	11.950	114.924	12.490
A Coruña	65.600	1.731	6.903	5.232	46.451	5.280
Lugo	15.995	803	1.165	1.246	11.464	1.316
Ourense	18.487	944	2.082	1.345	12.505	1.615
Pontevedra	63.366	2.299	8.158	4.127	44.506	4.279
España	3.565.240	172.155	285.788	281.002	2.511.348	314.946

21/20

	Total	Agricultura e Pesca	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
(%)						
Galicia	-9,3	-9,5	-6,7	-16,3	-8,3	-15,0
A Coruña	-9,9	-8,4	-10,9	-16,4	-8,7	-12,7
Lugo	-9,6	-7,8	-10,5	-15,8	-8,3	-14,9
Ourense	-7,4	-9,9	-7,9	-12,9	-5,3	-14,9
Pontevedra	-9,2	-10,6	-2,0	-17,3	-8,6	-17,8
España	-3,9	-1,6	-6,9	-7,2	-4,1	2,7

(1) medias anuais

Fonte: IGE; Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.1.36.

nas de emprego un total de 68.577 homes (9.107 menos que en 2020), o 42% do total.

Como se aprecia no **cadro 2.1.36.**, as catro provincias galegas experimentan un descenso interanual superior ao do conxunto do Estado. Dunha banda, as provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra presentan unha redución interanual superior ao 9%; en concreto, o descenso máis acusado rexístrase na Coruña, cunha redución interanual do 9,9%, por diante de Lugo, cun 9,6%; e Pontevedra, cun 9,2%. Na provincia de Ourense a redución do número de persoas paradas foi 7,4%, tres puntos e medio superior ao do conxunto de España (3,9%).


En termos absolutos, o desemprego rexistrado na provincia da Coruña descende en 7.235 persoas, cifra superior á rexistrada en Pontevedra, con 6.394 persoas desempregadas menos; en tanto que Lugo presenta unha caída interanual de 1.703 persoas e Ourense de 1.472. Tras esta evolución, A Coruña mantense como a provincia con maior nivel de desemprego, con 65.600

persoas rexistradas no Servizo Público de Emprego, por diante de Pontevedra, con 63.366 persoas. En Ourense e Lugo o paro rexistrado descende ata as 18.487 e 15.995 persoas, respectivamente.

Os catro grandes sectores de actividade presentan no conxunto do ano un descenso interanual do paro rexistrado, destacando o sector da construción cunha caída do 16,3%, nove puntos máis que no conxunto do Estado (7,2%). O paro rexistrado no sector primario redúcese un 9,5% (1,6% en España) situándose esta porcentaxe no 8,3% no sector servizos (4,1% no conxunto do Estado). A diferenza do que acontece en España, o sector que presenta a menor caída do desemprego é o industrial, cunha caída interanual do 6,7%, sendo o único sector cunha redución inferior á media española.

Tras esta evolución, **cadro 2.1.36.**, o sector servizos acoille un total de 114.924 persoas paradas, o 70,3% dos parados rexistrados en Galicia (70,4% en España), se-

Evolución do paro rexistrado nos sectores primario, industria, construción e servizos 2008-2021



Fonte: IGE, Movemento laboral rexistrado

2.1.37.

guíndolle en importancia o sector industrial, con 18.308 persoas paradas, o 11,2% (8% no conxunto do Estado). O número de persoas paradas rexistrados na construción é de 11.950 persoas, o 7,3% do total galego (7,9% en España) e no sector primario 5.777 persoas, o 3,5% (4,8% do total de paro rexistrado a nivel estatal).

Se se ten en conta a evolución mensual, o **gráfico 2.1.37.** reflicte que todos os sectores presentan no último trimestre do ano un nivel de desemprego inferior ao rexistrado no mesmo período de 2019. Cómpre observar que no caso da construción esta situación prodúcese ao longo de todo o ano 2021.

Por último, no concernente á desagregación do desemprego segundo grupos de idade, o paro descende en todos os grupos tanto en homes como en mulleres. En termos relativos, as maiores caídas prodúcense entre os máis novos, con descensos interanuais en torno ao 38% no caso dos menores de 20 anos fronte ao 23,5% entre as persoas con idades comprendidas entre 20-24 anos e do 16,1% entre aqueles que teñen entre 25 e 29 anos. No caso das persoas maiores de 50 anos, o desemprego entre os homes redúcese un 5,9% respecto ao nivel do ano anterior, case tres puntos porcentuais por riba do rexistrado no caso das mulleres (3%).

Poboación inactiva en 2008-21 ⁽¹⁾: distribución segundo sexo e clase de inactividade

	2008	2013	2019	2020	2021	2021/20
	(en miles de persoas)					(%)
Total	1.086,3	1.091,4	1.094,3	1.118,1	1.112,7	-0,5
Homes	422,8	458,0	473,6	479,9	481,0	0,2
Mulleres	663,5	633,3	620,6	638,3	631,7	-1,0
Estudiante	148,0	134,0	152,8	164,1	183,6	11,9
Homes	65,6	66,3	72,5	78,6	87,3	11,0
Mulleres	82,4	67,6	80,4	85,5	96,4	12,8
Xubilado	468,4	499,2	521,1	523,3	532,2	1,7
Homes	263,2	286,1	298,2	297,3	297,1	-0,1
Mulleres	205,2	213,1	222,9	226,1	235,1	4,0
Labores do fogar	240,0	223,8	197,8	211,9	178,7	-15,7
Homes	21,6	32,6	28,1	32,0	24,4	-23,8
Mulleres	218,4	191,3	169,7	179,9	154,4	-14,2
Incapacidade permanente	111,9	102,0	90,8	86,2	79,4	-7,9
Homes	50,8	50,1	49,6	46,7	43,8	-6,1
Mulleres	61,0	51,9	41,3	39,6	35,6	-10,1
Perceptor de pensión distinta á de xubilac./prexubilac.	97,6	113,7	111,2	110,3	117,5	6,5
Homes	8,6	10,8	12,8	11,4	15,6	36,6
Mulleres	89,0	102,9	98,3	98,9	101,9	3,0
Outra	20,5	18,8	20,6	22,3	21,4	-4,2
Homes	13,1	12,1	12,6	13,8	12,8	-7,6
Mulleres	7,5	6,6	8,1	8,5	8,6	1,5

(1) en medias anuais
Fonte: INE, EPA

2.1.38.

Tras esta evolución, o 42,8% das persoas paradas rexistradas en Galicia no ano 2021 teñen máis de 50 anos (69.890 persoas), situándose esta porcentaxe no 45% entres os homes e no 41,2% nas mulleres. Atendendo aos distintos grupos quinquenais, os colectivos con maior nivel de desemprego son os de 55 a 59 anos e 60 a 64 anos (14,6% cada un), seguido polo de 50-54, cuxa importancia relativa é do 13,6%.

Poboación inactiva

Na Enquisa de Poboación Activa (EPA) a poboación economicamente inactiva comprende a aquelas persoas que se ocupan do seu fogar; estudantes; xubilados ou prexubilados; persoas que perciben unha pensión distinta da de xubilación e de prexubilación; persoas que realizan, sen remuneración, traballos sociais, actividades de tipo benéfico (excluídas as que son axudas familiares); persoas incapacitadas para traballar; e outras

situacións: en xeral, persoas que, sen exercer actividade económica, reciben axuda pública ou privada, e todas aquelas non incluídas nas categorías anteriores.

No conxunto do ano 2021 o número de persoas inactivas en Galicia redúcese un 0,5% respecto ao ano anterior para situarse en 1.112.700 persoas, das que o 56,8% son mulleres (631.700 persoas). No ano anterior a poboación inactiva aumentara un 2,2% por mor, fundamentalmente, de que a perda de emprego causado pola crise económica orixinada pola pandemia non se trasladou coa mesma intensidade ao desemprego por mor das restricións á mobilidade e por conseguinte a imposibilidade dunha procura activa de emprego.

A poboación inactiva feminina descende un 1% respecto ao ano anterior (6.600 mulleres inactivas menos), o que contrasta coa medra dun 2,8% rexistrada no ano anterior, manténdose deste xeito por riba do nivel de

2019. O número de homes inactivos aumenta un 0,2% (1.100 persoas máis) cando no ano precedente aumenta un 1,3%.

En termos absolutos o descenso interanual máis importante experimentábase no caso das persoas dedicadas aos labores do fogar, con 33.200 persoas inactivas menos que no ano anterior, das que 25.600 son mulleres (-14,2%) e as restantes 7.600 persoas, homes (23,8% menos que en 2020). Tras esta evolución o número de persoas dedicadas aos labores do fogar ascende a 178.700 persoas, das que o 86,4% son mulleres. Por contra, o colectivo de estudantes experimenta o incremento interanual máis acusado, cunha medra de 19.600 persoas (11,9%), ascendendo o número de inactivos en 183.600 persoas (52,5% mulleres).

As persoas xubiladas constitúen o maior grupo de poboación inactiva, con 532.200 persoas (1,7% máis que no ano anterior; 8.800 persoas), o que representa o 47,8% da poboación inactiva en Galicia. Deste total de inactivos, 297.100 son homes (o 61,8% dos homes inactivos de Galicia) e 235.100 persoas son mulleres (o 37,2% das mulleres inactivas galegas).

Por último, cómpre facer referencia aos motivos de non buscar emprego. A mellora do mercado de traballo reflicte tamén nunha redución en 7.400 persoas do número de persoas en situación de inactividade por crer que non van atopar emprego (44,8%), o que supón a caída máis acusada dende o ano 2016. No último ano o número de persoas inactivas por crer que non vai atopar traballo ascende a 9.100 persoas, o valor máis reducido de toda a serie publicada. A maior caída, con 33.500 persoas inactivas menos (-29,3%) corresponde ao grupo de persoas englobadas baixo o epígrafe “outras razóns”, reducíndose tamén a inactividade por ter outras responsabilidades familiares ou persoais (3.300 persoas menos; 6,6%).

Fronte a este descenso, cómpre mencionar o incremento en 10.700 persoas (6,9%) daquelas persoas que afirman estar inactivos por estar cursando estudos ou recibindo formación, así como daquelas que teñen unha enfermidade ou incapacidade propia (7.700 per-

soas; 6,5%) ou por coidado de persoas (6.700 persoas; 18,7%).

Tras a devandita evolución, o motivo máis importante para non buscar emprego é o de estar xubilado, con 272.200 persoas (24,5% da poboación inactiva total), seguido polo de estar cursando estudos ou recibindo formación, con 165.400 persoas (14,9%) e de enfermidade ou incapacidade propia, con 126.700 persoas (11,4%). 

2.2. Custos e salarios

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Trabajo y Economía Social, a través da súa Estatística de convenios colectivos de traballo, no último ano retómase a mellora nas taxas de crecemento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios iniciada no ano 2016. Despois da ralentización experimentada en 2020, a medra nominal rexistrada en 2021 ascendeu ata o 1,76%, dúas décimas superior ao incremento experimentado no ano precedente. A diferenza do acontecido nos dous anos anteriores, este incremento sitúase por riba do rexistrado no conxunto de España (1,47%).

A variación media pactada calcúlase coa información daqueles convenios cuxos efectos económicos son coñecidos e cuantificables e que teñan sido rexistrados ata decembro de 2021. Para dito cálculo téñense en conta 179 convenios con efectos económicos e rexistrados en Galicia, 56 máis que no ano precedente, que afectan a 23.888 empresas e 212.558 traballadores e traballadoras (14.082 empresas e 139.178 persoas no ano anterior).

O devandito comportamento do aumento salarial pac-

tado en 2021 ven motivado fundamentalmente pola evolución dos convenios doutro ámbito, que experimentan un incremento do 1,78% en relación ao ano anterior (1,59% en 2020), permanecendo practicamente constante os de convenios de empresa, cunha medra do 1,55% (1,51% no ano anterior).

Como se sinala anteriormente, **cadro 2.2.1.**, Galicia presenta aumentos salariais superiores aos rexistrados de media no conxunto do Estado tanto no caso dos convenios de empresa como nos convenios doutro ámbito.

O custo laboral por traballador e mes incrementábase en Galicia no ano 2021 un 4,9% (un punto porcentual inferior ao do conxunto do Estado) para situarse nos 2.476,68 euros de media, un 9,1% inferior ao custo laboral en España. Este é o custo total no que incorre unha persoa empregadora pola utilización do factor traballo, incluíndo, polo tanto, o custo salarial así como os denominados “outros custos” (prestacións non salariais e cotizacións obrigatorias á Seguridade Social). Este importe mantén a Galicia nunha posición intermedia en relación ao resto das CC.AA., situándose como

Variación salarial pactada en Galicia e España 2008-21

	2008	2013	2016	2017	2018	2019	2020	2021
	(%)							
Galicia								
Convenios totais	4,19	0,66	0,83	1,48	1,98	2,16	1,58	1,76
Convenios de empresa	3,43	1,69	0,86	1,11	1,58	1,45	1,51	1,55
Convenios doutro ámbito	4,29	0,53	0,82	1,51	2,01	2,23	1,59	1,78
España								
Convenios totais	3,60	0,57	1,01	1,46	1,80	2,24	1,83	1,47
Convenios de empresa	3,09	0,37	0,84	1,21	1,44	2,03	1,56	1,10
Convenios doutro ámbito	3,65	0,58	1,02	1,48	1,82	2,26	1,85	1,50

(data da consulta 8-03-2022. 2020 provisional e 2021 avance)

(1) Convenios doutro ámbito: convenios de ámbito superior á empresa

Fonte: Ministerio Trabajo y Economía Social, *Estadística de convenios colectivos de trabajo*

2.2.1.

a oitava Comunidade Autónoma co custo total máis elevado.

Os tres sectores de actividade presentan no último ano un incremento interanual dos custos laborais por traballador e mes, sendo esta medra inferior á media estatal tanto na industria como nos servizos. Na Comunidade Autónoma a construción presenta o o incremento dos custos laborais máis elevado, cunha medra interanual do 6% fronte ao 3,3% no conxunto do Estado. A taxa de variación interanual correspondente ao sector servizos situouse no 5,9% en Galicia, medio punto por baixo do rexistrado en España (6,4%), presentando a industria o diferencial máis acusado con respecto ao incremento no conxunto do Estado, ao medrar un 1,4% en Galicia e un 4,3% en España.

Tras esta evolución, o **cadro 2.2.2.** amosa que a industria mantense como o sector cos custos máis elevados tanto en Galicia como en España, cunha media de 2.901,72 euros en Galicia, o que representa o 91,2% da media estatal. Séguenlle a construción, cun custo medio de 2.762,90 euros (un 0,9% superior ao custo medio estatal, que ascende a 2.737,90 euros) e os servizos, con 2.350,25 euros (o 89% da media española).

A devandita Enquisa trimestral de custo laboral reflicte unha medra interanual do custo laboral total por hora efectiva en Galicia do 0,2%. Esta porcentaxe non só é

significativamente inferior ao devandito incremento do custo laboral por traballador e mes, senón que contrasta coa caída interanual do 0,5% experimentada no conxunto de España. Tras esta evolución, o custo laboral total por hora efectiva ascende en Galicia a 19,62 euros, o que supón un 9,7% menos que a media estatal (2,11 euros menos por hora efectiva).

A pesar do descenso interanual do 2% experimentado no sector industrial, este mantense como o sector con maior custo laboral, con 21,41 euros por hora efectiva, descendendo o custo medio estatal ata os 23,44 euros/hora (-0,8%). O sector servizos é o que presenta o maior diferencial con respecto ao conxunto de España, ascendendo o custo laboral a 19,19 euros, o que supón un 11,3% menos que a media estatal (2,44 euros menos por hora efectiva). Por contra, a construción en Galicia presenta un custo laboral superior ao español, con 19,38 euros (un 1,2% máis que no ano anterior) e 19,18 euros por hora (-0,5%), respectivamente.

• Produtividade aparente do factor traballo

A reactivación da actividade económica a partir do segundo trimestre do ano 2021 tradúcese nunha medra interanual do PIB real do 5,2% en Galicia. Este dinamismo reflíctese nunha mellora da ocupación, se ben esta é de menor intensidade que o crecemento do PIB atendendo á evolución da poboación ocupada esti-

Custos laborais en Galicia e España 2020-21: distribución segundo sectores económicos e compoñentes

2020								
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
(en euros)								
Custo laboral por traballador e mes	2.361,95	2.860,59	2.605,64	2.219,81	2.572,73	3.049,41	2.650,34	2.482,29
Custo salarial total	1.738,84	2.107,36	1.820,04	1.642,79	1.903,58	2.231,73	1.885,36	1.846,73
Custo salarial ordinario	1.527,50	1.769,32	1.583,25	1.464,44	1.643,41	1.878,50	1.625,30	1.602,98
Outros custos	623,12	753,23	785,60	577,02	669,15	817,68	764,98	635,56
Custo por percepcións non salariais	60,36	72,77	111,06	52,74	70,48	90,35	81,05	66,14
Custo por cotizacións obrigatorias	573,71	690,17	680,29	536,00	611,32	738,60	691,68	582,68
S. Social	10,95	9,71	5,75	11,72	12,65	11,27	7,76	13,26
Custo laboral por hora efectiva								
Custo laboral total por hora	19,58	21,84	19,15	19,02	21,85	23,62	19,28	21,73
Custo salarial total por hora	14,42	16,08	13,39	14,08	16,17	17,28	13,72	16,17
Custos salarial ordinario por hora	12,65	13,51	11,60	12,54	13,95	14,53	11,80	14,02
Outros custos por hora	5,17	5,77	5,76	4,95	5,69	6,34	5,56	5,56

2021								
	Galicia				España			
	Total	Industria	Construción	Servizos	Total	Industria	Construción	Servizos
(en euros)								
Custo laboral por traballador e mes	2.476,68	2.901,72	2.762,90	2.350,25	2.723,87	3.181,76	2.737,83	2.641,00
Custo salarial total	1.823,02	2.122,97	1.937,76	1.741,84	2.022,59	2.334,69	1.935,08	1.973,51
Custo salarial ordinario	1.620,08	1.810,65	1.669,05	1.570,56	1.751,45	1.973,43	1.701,41	1.715,60
Outros custos	653,67	778,75	825,14	608,41	701,28	847,08	802,75	667,49
Custo por percepcións non salariais	68,74	82,90	122,61	60,46	71,77	87,67	85,25	67,90
Custo por cotizacións obrigatorias	598,81	706,27	709,60	563,29	642,67	771,18	726,53	613,30
Subvencións e bonificacións da S. Social	13,88	10,42	7,08	15,34	13,15	11,77	9,03	13,71
Custo laboral por hora efectiva								
Custo laboral total por hora	19,62	21,41	19,38	19,19	21,73	23,44	19,18	21,62
Custo salarial total por hora	14,44	15,67	13,59	14,22	16,14	17,20	13,56	16,16
Custos salarial ordinario por hora	12,84	13,35	11,71	12,83	13,98	14,55	11,92	14,05
Outros custos por hora	5,18	5,74	5,79	4,97	5,60	6,24	5,62	5,47

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.2.2.



mada pola EPA e as afiliacións en alta laboral á Seguridade Social. Por contra, tanto as horas traballadas reflectido nas contas económicas como os postos de traballo equivalente a tempo completo presentan taxas de variación interanuais superiores ás da actividade económica: 5,8% e 7,2%, respectivamente.

Unha aproximación á evolución da produtividade aparente do factor traballo (PFT) pode realizarse tomando como indicadores o cociente entre o PIB nominal e o emprego equivalente a xornada completa, ou a relación entre o PIB e o número de horas traballadas. Tendo en conta que o PIB nominal rexistra en Galicia un incremento interanual do 7,7%, a produtividade

aparente en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo aumenta un 0,5% respecto ao ano anterior, tres décimas menos que no conxunto do Estado, o que contrasta co acontecido no caso de medirse en termos de PIB por hora traballada, que presenta un incremento significativamente superior en Galicia ao aumentar un 1,8% fronte ao 0,4% de media en España.

No conxunto do ano 2021 ambos os dous indicadores da produtividade mencionados seguen a estar por baixo da media española. Como se aprecia no **cadro 2.2.3.**, se se considera o número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, a PFT en Galicia supón en 2021 o 92,9% da produtividade no conxunto de Es-

Produtividade aparente de factor traballo en Galicia. España = 100



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE e INE

2.2.3.

paña, dúas décimas por baixo do experimentado no ano anterior. No caso da produtividade por hora traballada, esta porcentaxe ascende ata o 94,7% en 2021 cando no ano anterior ascendía ata o 93,4%.

A devandita mellora relativa da produtividade medida en termos de hora traballada en relación á media estatal ven xustificada tanto por un maior dinamismo da actividade económica como por unha peor evolución da ocupación. Dunha banda, o PIB en termos monetarios medra un 7,2% en España fronte ao devandito 7,7% en Galicia. Doutra banda, o número de horas traballadas experimenta un incremento interanual do 5,8% en Galicia e do 7% no conxunto do Estado. Por contra, o número de postos de traballo equivalente a tempo completo presenta un maior incremento en Galicia que en España ao medrar un 7,2% e un 6,6%, respectivamente, o que xustificaría a peor evolución da produtividade na Comunidade Autónoma.

Atendendo á distribución sectorial, cómpre resaltar que tan só a construción presenta unha produtividade aparente superior á española tanto en termos da postos de traballo equivalente como se se mide en termos do número de horas traballadas. No extremo oposto, a produtividade aparente da industria manufacturera, medida en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, sitúase no último ano por baixo do 74% da media española, e lixeiramente por baixo do 80% en termos de horas traballadas. Finalmente, cómpre mencionar que a produtividade relativa do sector primario é inferior á media estatal, aínda que se aproxima de maneira significativa tendo en conta non só o desigual dinamismo da actividade produtiva, medrando o PIB un 0,4% fronte á contracción do 6,9% no caso español, senón tamén o mal comportamento da ocupación en Galicia en comparación co conxunto do España.

Ingresos salariais nas fontes tributarias

O estudo dos ingresos salariais realízase sobre os datos proporcionados pola estatística Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias, que se basea nas declaracións anuais do Modelo 190. Os últimos datos pu-


blicados corresponden ao ano 2020, polo que permiten coñecer o impacto da covid nos ingresos salariais ao comparalos coa situación previa ao comezo da crise.

Antes de analizar os datos publicados pola Axencia Tributaria cómpre facer unha breve referencia á metodoloxía e definicións empregadas. Dunha banda, a Axencia Tributaria aborda a visión do mercado laboral dende unha dobre perspectiva: a da entidade que emprega e redistribúe e a do perceptor de salarios, pensións e prestacións por desemprego. O apartado deste capítulo céntrase na óptica da persoa perceptora e máis concretamente nas persoas asalariadas. Este colectivo está formado por aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, monetarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

O número de persoas asalariadas nas publicacións da Axencia Tributaria difire do que se pode encontrar noutras fontes como a Enquisa de Poboación Activa, o rexistro de Afiliación á Seguridade Social ou a Contabilidade Nacional. Aparte das distintas definicións e ámbitos, o principal motivo destas diferenzas é o feito de que as poboacións das estatísticas baseadas en fontes fiscais son enumeracións de individuos que pasaron por unha determinada situación e non un promedio anual que é como se soen presentar as cifras noutras estatísticas do mercado de traballo. Así, un individuo que só traballara un mes no ano suma 1 nas estatísticas derivadas de fontes fiscais, mentres que sumaría unha porción de asalariado equivalente 1/12 nos datos anuais do resto de estatísticas citadas.

Doutra banda, no que respecta aos salarios tamén hai diferenzas, por motivos semellantes. O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e mídese como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados. A masa salarial aproximada polos rendementos do traballo ten lixeiras diferenzas conceptuais coa masa salarial me-

Evolución do salario medio anual ⁽¹⁾ en Galicia e España 2008-2020. Distribución segundo sexos



(1) O salario medio nas fontes de carácter fiscal é un salario medio anual que se refire a un ámbito xeográfico limitado de territorio de Réxime Fiscal Común e un ámbito temporal anual, e se mide como os rendementos do traballo declarados divididos polo número de asalariados.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.4.

dida noutras fontes estatísticas. Pero sobre todo as persoas asalariadas mídense aquí sen ter en conta o tempo que permaneceran no mercado de traballo. Deste xeito prodúcese un sesgo á baixa do salario medio en comparación con outras estatísticas nas que o denominador é o número de asalariados en promedio anual.

Tendo en conta o dito anteriormente, o **gráfico 2.2.4.** amosa que os ingresos salariais medios declarados en Galicia mantéñense practicamente estables no ano 2020 (último dato dispoñible), ascendendo a 19.900 euros, o que supón un 2,9% inferior á media estatal. Esta cuantía sitúa a Galicia nunha posición intermedia entre as CC.AA. En relación ao declarado no ano anterior, o salario medio medra un 0,1% (21 euros máis),

consecuencia dun descenso do 3% da masa salarial asociada a unha redución do 3,1% do número de asalariados. Por contra, o salario medio declarado no conxunto do Estado presenta unha caída do 0,3%, derivada dunha redución tanto da masa salarial (-3,8%) como do número de asalariados e asalariadas (-3,1%).

Antes de analizar os ingresos salariais atendendo á desagregación segundo a súa relación ao salario mínimo interprofesional (SMI) e aos grupos de idade, cómpre facer referencia ao impacto dos ERTE. Por un lado, o Estado “asume a carga salarial dunha parte dos traballadores mediante as prestacións ERTE e permite afrontar os gastos por salarios ás empresas; por outro lado, supón unha axuda ao traballador, xa que, coa garantía

Asalariados e salario medio 2020, segundo a súa situación ERTE

	Total		
	Total	Homes	Mulleres
	(euros)		
Asalariados	1.023.742	535.629	488.113
Salario Medio Anual	19.900	21.887	17.720

	Non ERTE		
	Total	Homes	Mulleres
	(euros)		
Asalariados	827.123	434.162	392.961
Salario Medio Anual	21.222	22.908	19.359

	Sí ERTE		
	Total	Homes	Mulleres
	(euros)		
Asalariados	196.619	101.467	95.152
Salario Medio Anual	14.340	17.520	10.949

Fonte: Agencia Tributaria, Mercado de trabajo y pensiones

2.2.5.

de conservar o emprego, asumen unha rebaixa dos seus ingresos pola parte satisfeita polo Estado". Se se exclúen as persoas afectadas, a estrutura salarial vese alterada cunha distorsión á alza ao quedar fóra estratos de traballadores con salarios máis baixos, que son os máis afectados polos ERTE; por contra, se se inclúen todas as persoas traballadoras en ERTE pero exclusivamente computando o seu salario polo satisfeito polos empregadores, a información presentaría unha distorsión á baixa.

O **cadro 2.2.5.** amosa a devandita distorsión, tendo en conta que se se consideran os traballadores en ERTE o seu salario medio declarado ascende a 14.340 euros fronte ao 21.222 euros se se exclúen as persoas que estiveron nesa situación. En ambos os dous casos o salario medio declarado dos homes é superior ao declarado polas mulleres, sendo este diferencial máis acusado entre as persoas protexidos por un ERTE: 60% superior fronte ao 18,3% no caso de que se exclúan as persoas que non estiveron nesa situación.

No concernente á distribución das persoas asalariadas segundo os seus ingresos salariais medios en relación ao SMI, o **cadro 2.2.6.** reflicte que o 39,3% dos asalariados e asalariadas, 402.169 persoas, declara unha

percepción salarial inferior ao SMI. En relación ao declarado no ano anterior, cómpre resaltar o incremento en case cinco puntos porcentuais do peso relativo das persoas asalariadas con ingresos inferiores ao SMI (34,4%). Asemade, as que declaran ingresos inferiores ao dobre do SMI representan o 76,5% do total, case dous puntos máis que no ano precedente (74,8%). Isto contrasta co 2% de persoas asalariadas que declaran uns ingresos salariais de máis de cinco veces o SMI, dúas décimas menos que en 2019.

No período comprendido entre 2008 e 2020 o número de persoas asalariadas totais descende un 9,8% (111.112 persoas menos), rexistrándose os únicos incrementos entre aqueles cun salario medio anual inferior a 1,5 veces o SMI, con 183.410 persoas asalariadas máis neste tramo de ingresos (40,7%). No extremo oposto, cae de xeito moi importante o número de persoas que cobran entre 2 e 2,5 veces máis que o SMI, con 69.158 persoas menos entre os dous anos considerados, aínda que aumenta nun 59,2% os seus ingresos salariais medios anuais.

Neses doce anos increméntanse notablemente as diferenzas salariais entre os dous extremos da serie, xa que en 2008 o ingreso medio das persoas que máis decla-

Persoas asalariadas ⁽²⁾ e salario medio por tramo salarial: 2008-2020 ⁽¹⁾

	2008				2020			
	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%)	Asalariados	(%)	Salario Medio Anual (euros)	(%)
De 0 a 0,5 SMI	152.228	13,4	1.851	10,4	203.606	19,9	2.970	14,9
De 0,5 a 1 SMI	131.332	11,6	6.367	35,9	198.563	19,4	10.131	50,9
De 1 a 1,5 SMI	167.344	14,7	10.651	60,1	232.145	22,7	16.570	83,3
De 1,5 a 2 SMI	221.650	19,5	14.737	83,1	148.712	14,5	22.879	115,0
De 2 a 2,5 SMI	146.661	12,9	18.678	105,3	77.503	7,6	29.738	149,4
De 2,5 a 3 SMI	84.978	7,5	22.915	129,2	64.167	6,3	36.320	182,5
De 3 a 3,5 SMI	60.406	5,3	27.250	153,6	38.904	3,8	42.947	215,8
De 3,5 a 4 SMI	44.760	3,9	31.419	177,1	20.112	2,0	49.449	248,5
De 4 a 4,5 SMI	36.111	3,2	35.621	200,8	11.746	1,1	56.310	283,0
De 4,5 a 5 SMI	26.756	2,4	39.621	223,4	8.052	0,8	62.874	315,9
De 5 a 7,5 SMI	44.097	3,9	49.837	281,0	15.822	1,5	78.354	393,7
De 7,5 a 10 SMI	12.103	1,1	71.566	403,5	2.565	0,3	112.528	565,5
Máis de 10 SMI	6.428	0,6	126.346	712,4	1.845	0,2	276.669	1.390,3
Total	1.134.854	100	17.736	100	1.023.742	100	19.900	100

(1) SMI en 2008: 8.400 €; SMI en 2013: 9.034,20 €; SMI en 2019: 12.600 €; SMI en 2020: 13.300 €

(2) Asalariados; Todas aquellas personas cuyas percepciones están declaradas en la clave A (empleados por cuenta ajena en xeral), que inclúe todas aquelas percepciones, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.6.

ran equivale a 68 veces o dos que menos, mentres que en 2020 esta proporción era de 93 veces (96 no ano 2019).

Atendendo á desagregación segundo o xénero das persoas traballadoras en función da súa ganancia anual declarada con respecto ao SMI, o **gráfico 2.2.7.** amosa que no ano 2020 a porcentaxe de mulleres que declaran un salario inferior ao SMI é significativamente superior á dos homes. Así, o 23,3% das mulleres declaran un salario medio inferior á metade do SMI fronte ao 16,8% no caso dos homes, e un 23,4% das mulleres un salario entre 0,5-1 SMI fronte ao 15,7% entre os homes. Por contra, no resto dos tramos considerados o peso relativo dos homes é superior ao das mulleres, salientando dunha banda que o 41,4% dos homes declaran uns ingresos medios anuais entre un e dúas veces o SMI fronte ao 32,6% no caso das mulleres; doutra banda, o 2,6% dos homes declaran uns ingresos superiores a cinco veces o SMI, o dobre do sinalado entre as mulleres.


No que se refire á distribución segundo grupos de idade, o **gráfico 2.2.8.** amosa que o ingreso salarial medio mantén a súa tendencia crecente ata a idade de xubilación. Entre as persoas con idades comprendidas entre 56-65 anos o ingreso medio ascendía en Galicia

ata os 24.937 euros en 2020, contía que descende ata os 21.157 euros a partir dos 65 anos. Con todo, cómpre mencionar o incremento do salario medio anual do conxunto de persoas maiores de 65 (5,5% máis que no ano anterior; 1.104 euros), motivado por unha medra do 6,8% do número de asalariados e asalariadas (3,5% en España) e un incremento do 12,7% dos ingresos salariais declarados (7,5% no conxunto do Estado). Tendo en conta que o salario mínimo interprofesional en 2020 ascende a 13.300 euros, os menores de 25 anos ingresan menos que o SMI, cando no ano 2008 isto só acontecía nos menores de 18 anos.

O ingreso salarial medio do ano 2020 é inferior ao declarado no ano anterior nos distintos grupos de idade comprendidos entre os 18 e 55 anos, rexistrándose os diferenciais máis acusados no caso das persoas de 36-45 anos, onde o salario medio declarado é un 2,2% inferior ao declarado no ano anterior, e entre as persoas de 26-35 anos, cunha redución do 2,1% (336 euros menos). Por contra, cómpre resaltar o incremento do 11,5% entre os menores de 18 anos (229 euros máis), acadando un salario medio de 2.224 euros, así como do 5,5% no caso dos maiores de 65 anos. Sen embargo, se a comparación se fai cos datos declarados correspondentes ao ano 2008, o salario medio redúcese entre

Traballadores e traballadoras en función da súa ganancia anual con respecto ao SMI 2020


(% sobre o total de homes e de mulleres)



Fonte: Agencia Tributaria

2.2.7.

Salario medio 2008, 2013-20 (1). Distribución segundo grupo de idade



(1) SMI en 2008: 8.400 €; SMI en 2013: 9.034,2 €; SMI en 2019: 12.600 €; ; SMI en 2020: 13.300 €

Fonte: Agencia Tributaria

2.2.8.

Persoas asalariadas ⁽¹⁾ e salario medio por sectores: 2009-2020

	2009				2020			
	Asalariados		Salario Medio Anual		Asalariados		Salario Medio Anual	
		(%)		(%)		(%)		(%)
Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	22.570	2,1	13.807	75,8	25.424	2,5	15.619	78,5
Industria extractiva, enerxía e auga	17.432	1,6	24.009	131,8	10.660	1,0	29.233	146,9
Industria	155.134	14,2	18.853	103,5	132.182	12,9	21.870	109,9
Construción e actividades inmobiliarias	132.698	12,1	16.361	89,8	78.127	7,6	18.868	94,8
Comercio, reparación e transportes	234.185	21,4	15.586	85,6	227.888	22,3	18.227	91,6
Información e comunicacións	24.513	2,2	21.111	115,9	22.076	2,2	25.771	129,5
Entidades financeiras e aseguradoras	29.705	2,7	31.938	175,3	19.652	1,9	34.417	172,9
Servizos ás empresas	120.271	11,0	14.326	78,6	133.608	13,1	15.593	78,4
Servizos sociais	259.149	23,7	24.510	134,5	263.821	25,8	26.074	131,0
Outros servizos persoais e de lecer	96.773	8,9	9.128	50,1	110.304	10,8	8.500	42,7
Total	1.092.431	100	18.217	100	1.023.742	100	19.900	100

(1) Asalariados; Todas aquelas persoas cuxas percepcións están declaradas na clave A (empregados por conta allea en xeral), que inclúe todas aquelas percepcións, dinerarias ou en especie, que teñan sido satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendemento de traballo.

Fonte: Agencia Tributaria

■ 2.2.9.

os menores de 35 anos, fundamentalmente entre os menores de 18 anos (-46,6%; 1.941 euros menos) e no de 18-25 anos (-17,4%; 1.505 euros).

Atendendo á distribución segundo ramas de actividade, o **cadro 2.2.9.** indica que a actividade con ingresos salariais medios declarados máis elevados segue a ser a das entidades financeiras e aseguradoras, con 34.417 euros, máis do dobre do declarado no sector primario, cun salario medio de 15.619 euros brutos anuais, e catro veces máis que as actividades englobadas en “outros servizos persoais e de lecer” (8.500 euros). Comparado cos salarios declarados no ano anterior, o impacto da crise orixinada pola covid apréciase de xeito importante no conxunto de actividades englobadas en “outros servizos persoais e de lecer”, cunha redución do 14,7%, e nas actividades vinculadas ao comercio e á industria, cunha minoración do 3,3% e 3,1%, respectivamente. Por contra, aumenta no caso das actividades de servizos sociais un 3,1% e un 2,6% no de información e comunicacións.


Ao igual que no ano anterior, as ramas de actividade que presentan uns ingresos salariais medios superiores ao dobre do salario medio anual en Galicia son entidades financeiras e aseguradoras; industria extractiva, enerxía e auga; e servizos sociais. Estas tres actividades concentran o 28,7% dos asalariados en 2020, 1,1 puntos superior ao rexistrado no ano anterior (o 28% en 2009).

- **Módulo salarial ano completo**

Nas devanditas estatísticas do mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias mídese o salario medio como o cociente das masas salariais declaradas de rendementos do traballo divididas polo número de persoas perceptoras, sen ter en conta o tempo efectivo de traballo ou o número de meses nos que se recibira a pensión. De xeito complementario, en colaboración coa Tesorería Xeral da Seguridade Social, a partir de 2019 elabórase un novo módulo salarial que estima un Salario Medio Anual correspondente ao ano completo a partir do coñecemento dos días traballados nas súas distintas relacións laborais. Deste xeito, esta medida do salario é comparable ás obtidas doutras estatísticas salariais.

Segundo este novo módulo, asalariados son todas aquelas persoas que reciben unha contraprestación dineraria en concepto de rendemento de traballo, contadas de forma única independentemente de que traballaran para unha ou varias empresas ou entidades. Asemade, considérase a masa salarial (salario estimado, SME) equivalente a xornada e ano completo, de maneira que se un traballador tivera no exercicio máis dunha relación laboral contabilízanse todas elas tanto na súa masa salarial como nos días traballados en cada unha desas relacións laborais. Cómpre resaltar que para a elaboración deste SME non se teñen en conta as

**Distribución de asalariados segundo decilas de menor a maior Salario Medio Estimado (SME).
Distribución segundo sexo 2020**



Fonte: Agencia Tributaria, Módulo salarial ano completo

2.2.10.

percepcións que o seu SME estivera por baixo do salario mínimo interprofesional ou estivera por riba dos 720.000 euros, para evitar que estes valores distorsionen a análise.

Segundo esta nova metodoloxía, o salario medio estimado en Galicia ascende no ano 2020 (último dato dispoñible) a 25.884 euros, un 7,3% inferior á media estatal, sendo este importe de 26.858 euros no caso dos homes (7,5% inferior á media española) e de 24.650 no das mulleres (6,8% inferior). Comparada co resto das CC.AA., Galicia presenta unha posición intermedia, cun salario medio superior ao rexistrado en Extremadura, Canarias, Murcia, Castela-A Mancha, Andalucía e Cantabria.

Comparado co ano anterior, o salario medio estimado medra tanto no caso dos homes como das mulleres, sendo este incremento superior en ambos os dous casos en España que en Galicia, e maior no caso das mulleres. Así, o salario medio medra en Galicia un 2,1% respecto ao ano anterior, catro décimas menos que no conxunto do Estado, sendo estas porcentaxes do 3,9% entre as mulleres e do 0,8% entre os homes (4,1% e 1,4%, respectivamente, en España).


Se se considera a distribución dos asalariados segundo o SME e a súa desagregación segundo xénero, o **cadro 2.2.10.** amosa que tan só nos dous estratos salariais máis baixos o peso relativo da muller é superior ao dos homes. Así, do total das persoas que están no primeiro decil, o 60,5% das persoas son mulleres, sendo esta porcentaxe do 55% no segundo decil. Por contra, nos dous deciles máis elevados, o peso da muller é do 44% e 36,4%, respectivamente. A mediana (decil 5) indica que o 38,2% son mulleres fronte ao 61,8% homes.

O **cadro 2.2.11.** amosa a distribución dos asalariados segundo deciles de SME e grupos de idade. Como se pode observar, o peso da poboación menor de 35 anos descende a medida que aumenta o nivel salarial (deciles) a diferenza do que acontece con carácter xeral no resto dos grupos de idade.

• Brecha salarial

A brecha salarial de xénero forma parte tanto dos Indicadores de Desenvolvemento Sostible (Obxectivo 5.- Igualdade de xénero) como da Estratexia Europea de Emprego (EES) para lograr igual tratamento de homes e mulleres e evitar calquera tipo de discriminación.

**Distribución de asalariados segundo decilas de menor a maior Salario Medio Estimado (SME).
Distribución segundo grupo de idade 2020**



Fonte: Agencia Tributaria, Módulo salarial ano completo

2.2.11.

Non existe un único factor que explique as diferenzas salariais entre homes e mulleres, senón que esta brecha está condicionada por un conxunto complexo de factores sociais, legais ou económicos que a menudo están interrelacionados. Como reflicte o INE, á valoración das competencias laborais, hai que unir a segregación do mercado de traballo con diferente representación de homes e mulleres nos distintos sectores económicos, as características da oferta de emprego feminino condicionada en moitos casos pola conciliación coa vida familiar, a participación no traballo a tempo parcial das mulleres por coidado de nenos, adultos e persoas dependentes, e os mecanismos establecidos de retribucións salariais.

Tanto en Galicia como no Estado o ingreso salarial medio bruto das mulleres é sensiblemente inferior ao dos homes. Como se reflicte no devandito **cadro 2.2.4.**, en Galicia os homes declaran un ingreso medio de 21.887 euros, un 3,3% inferior á media estatal, en tanto que o das mulleres ascende ata os 17.720 euros, un 1,8% inferior á percepción salarial media das mulleres en España. Cómpre salientar que no último ano redúcese a brecha salarial tendo en conta o incremento do ingreso salarial entre as mulleres e unha redución no caso dos homes (1,2% e -0,7%, respectivamente, en Galicia).

Un indicador xeral da brecha salarial de xénero ven dado pola diferenza global entre o promedio das remuneracións brutas de homes e mulleres, expresada en porcentaxe sobre o promedio das remuneracións brutas dos homes. Tomando como valores a masa salarial declarada á Axencia Tributaria, este indicador acada un valor do 19% en Galicia fronte ao 20,3% no conxunto do Estado, o que indica que España presenta unha brecha salarial superior á galega (un valor do 0% indicaría que non existen diferenzas salariais entre homes e mulleres a nivel agregado, mentres que canto máis elevados sexan os valores do indicador, maior será a brecha salarial).

Entendendo a súa evolución desde o ano 2008, tanto Galicia como España presentan unha redución da desigualdade, acadando en 2020 os valores máis reducidos. Cómpre mencionar que o impacto da covid supuxo a redución máis acusada de brecha salarial tras a experimentada en 2009, primeiro ano da crise económica e financeira. □

2.3. Relacións laborais e formación

A evolución da pandemia provocou que as políticas sanitarias e as políticas económicas aprobadas estiveran fortemente interrelacionadas, acelerando os cambios que se estaban a producir no mercado de traballo e tamén no ámbito das relacións laborais.

Analizados xa no capítulo 2.1.- *Actividade, ocupación e desemprego* os principais datos relativos aos expedientes temporais de emprego (ERTE) e prestacións de cese temporal de actividade de autónomos, así como ao traballo no domicilio, ao longo do presente apartado abórdase en primeiro lugar a evolución das relacións laborais en Galicia, que se caracteriza por un mantemento practicamente estable do número de convenios colectivos existentes aumentando lixeiramente o das persoas traballadoras afectadas polos mesmos (1,3%). Con todo, tras o acusado descenso experimentado no ano anterior, en 2021 aumenta máis dun 41% o número total de convenios asinados ou revisados con efectos para ese ano e máis dun 66% no caso das persoas traballadoras afectadas.

No concernente á conflitividade laboral, tras o acusado descenso do número de folgas, así como de participan-

tes e xornadas non traballadas, experimentado en 2020, no último ano rexístrase unha medra do número de folgas e participantes, acadando non obstante valores inferiores aos de 2019. Por contra, o número de xornadas non traballadas redúcese un 17,7% en relación ao ano anterior.

En terceiro lugar faise referencia á seguridade e saúde no traballo. Dunha banda, o índice de incidencia da sinistralidade laboral racha a súa tendencia descendente iniciada en 2018; doutra banda, por terceiro ano consecutivo descende o índice de incidencia no caso dos accidentes mortais; asemade, aumenta a incidencia media das baixas derivadas de incapacidade temporal tanto por continxencias comúns como profesionais. Por último, faise referencia ás accións formativas realizadas na convocatoria para o ano 2021, resaltando o incremento do alumnado e das accións formativas, e en menor medida do orzamento aprobado para tal fin.

Negociación colectiva

O número de convenios colectivos existentes, tanto vi-xentes como prorrogados tacitamente, mantense prac-

Convenios colectivos existentes 2020-21 ⁽¹⁾

2020						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.038	73	353	125	106	381
Sector	126	21	30	23	20	32
Empresa	912	52	323	102	86	349

2021						
	Total	C.A. / Interprov. C.A.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.039	72	360	126	100	381
Sector	126	21	30	23	20	32
Empresa	913	51	330	103	80	349

(1) convenios colectivos, vixentes ou prorrogados tacitamente, a 31 de decembro de cada ano; no total inclúense tamén os pactos e acordos reguladores de persoal funcionario dos que se ten coñecemento.

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.1.

ticamente estable en Galicia ao longo do ano 2021. A 31 de decembro dese ano, existen en Galicia un total de 1.039 convenios, un máis que na mesma data do ano anterior, dos que 126 son sectoriais e 913 de empresa (126 e 912 convenios no ano precedente, respectivamente). Segundo os datos do Observatorio da negociación colectiva publicados polo Consello Galego de Relacións Laborais (CGRL), os convenios colectivos existentes afectan a 494.304 persoas traballadoras, o que supón unha medra de 6.235 persoas en relación ao ano anterior (1,3%).

Pontevedra segue a ser a provincia onde se asinan máis convenios colectivos, tanto no ámbito sectorial como de empresa, con 381 convenios (o 36,7%), por diante da Coruña, con 360 (34,6%), e Lugo e Ourense con 126 e 100, respectivamente (12,1% e 9,6%). O restante 6,9% dos convenios colectivos existentes (72 convenios) teñen un ámbito de aplicación superior ao provincial.

Dos devanditos 1.039 convenios existentes, o número daqueles convenios con vixencia expresa en 2021 descende ata os 229 (o 22% do total de convenios), dos que 45 son convenios de sector (35,7% dos convenios de ámbito sectorial) e os restantes 184 de empresa (20,2% dos convenios de empresa). O número de tra-

balladoras e traballadores afectados aumenta ata as 264.191 persoas, das que o 91,3% están afectadas por convenios sectoriais (241.286 persoas) e o restante 8,7% por convenios de empresa (22.905 persoas).

No conxunto do ano 2021 o número total de convenios asinados ou revisados con efectos para ese ano ascendeu a 116 convenios (102 asinados e 14 revisados) afectando a un total de 134.012 persoas traballadoras. Segundo reflicte o **cadro 2.3.2.**, destes 116 convenios, 23 corresponden a convenios de ámbito sectorial que afectan a 125.042 persoas, e 93 son convenios de empresa e afectan a 8.970 persoas traballadoras.

Comparado co ano anterior, e tras o forte descenso experimentado no ano 2020, Galicia presenta unha medra dos convenios asinados, tanto nos de ámbito sectorial (10 máis) como de empresa (38 máis). Por contra, ao igual que acontecera no ano precedente, redúcense os convenios revisados (7 convenios menos tanto de ámbito sectorial como de empresa). No caso das persoas traballadoras afectadas en 2021 tan só medra no caso dos convenios asinados de sector, con 82.681 persoas máis que en 2020, máis do dobre do rexistrado nese último ano (descendera un 47% en 2020).

No último ano asináronse por primeira vez quince con-

Convenios colectivos e revisións salariais negociados con efectos para 2020-21

2020								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	88	80.880	54	48.271	28	32.330	6	279
Sector	20	68.546	9	37.775	11	30.771	-	-
Empresa	68	12.334	45	10.496	17	1.559	6	279

2021								
	Total convenios		Asinados		Revisados		Negociados por 1ª vez	
	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores	nº	trabajadores
Total	131	135.065	102	128.230	14	5.782	15	1.053
Sector	23	125.042	19	120.456	4	4.586	-	-
Empresa	108	10.023	83	7.774	10	1.196	15	1.053

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.2.

venios de empresa que afectan a 1.053 persoas traballadoras (279 persoas en 2020). Cómpre mencionar que no ano previo á crise asináronse por primeira vez un total de 28 convenios que afectaban a 1.156 persoas traballadoras. Dos devanditos quince convenios asinados, seis corresponden a convenios asinados na provincia da Coruña (490 persoas), fronte a catro en Pontevedra e tres en Lugo (180 e 96 persoas, respectivamente). Asemade, 245 persoas están afectadas polo convenio asinado en Galicia de ámbito superior ao provincial.

Recollen "pacto de ultraactividade" un total de 84 convenios, dos que 67 son convenios de empresa e 17 de ámbito sectorial. En relación ao total de convenios asinados no último ano, o 82,3% dos convenios asinados recollen pacto de ultraactividade, situándose estas porcentaxes no 89,5% no caso dos convenios de sector asinados e no 80,7% no dos convenios de empresa.

Os convenios colectivos de ámbito estatal con aplicación en Galicia asinados ou revisados incrementáronse no último ano ata os 68 convenios, 16 máis que no ano precedente, afectando a 70.945 persoas traballadoras, case o dobre dos rexistrados no ano precedente (34.900 persoas máis). Dos devanditos convenios, 23 son de sector e os restantes 45, convenios de empresa.

O incremento salarial medio pactado nos convenios asinados ou revisados en 2021 –calculado en base ao incremento salarial en porcentaxe indicado nos convenios e tendo en conta as cláusulas de revisión salarial pactadas nos convenios asinados e revisados nese ano– foi do 2,49%. Respecto da inflación, fronte ao devandito incremento salarial o IPC galego presenta unha medra do 6,7%, situándose este incremento interanual no 6,5% no conxunto do Estado (-0,4% e -0,5% no ano precedente, respectivamente).

No concernente aos convenios asinados ou revisados que recollen cláusulas de revisión salarial, o 28,4% dos convenios asinados no ano 2021 (14 convenios) e o 28,6% dos convenios revisados (seis convenios) recollen estas cláusulas (29,6% e 10,7% no ano anterior, respectivamente). No último ano vense afectadas por estas cláusulas o 37,1% das persoas traballadoras con convenios asinados e o 50,1% con convenios revisados (21.030 e 7.051 persoas afectadas, respectivamente) cando no ano anterior esta porcentaxe ascendera ata o 87,7% e 13,5%.

A xornada media pactada en Galicia, tendo en conta só os convenios que a regulan de xeito anual, ascende no último ano ata as 1.779,18 horas/ano (21,10 horas/ano máis en relación ao ano precedente). Tal como se observa nos datos de anos anteriores, a xornada en con-

**Xornada media pactada na negociación colectiva 2020-21:
distribución segundo sector económico**

	2020	2021
	<i>(en horas / ano)</i>	
Total	1.758,10	1.779,20
Agricultura e pesca	-	1.780,00
Industria	1.742,45	1.770,10
Construcción	1.736,04	-
Servizos	1.781,41	1.794,27

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais, *Observatorio da negociación colectiva*

2.3.3.

venios de empresa é máis reducida que nos sectoriais (1.781,61 horas fronte a 1.745,43 horas, respectivamente). Comparado co rexistrado no ano anterior, cómpre resaltar que a diferenza do que acontecera en 2020, rexístrase unha medra tanto no caso da xornada pactada nos convenios de ámbito empresarial (30,2 horas máis) como no caso dos convenios de sector (16,4 horas).

Analizando a xornada media pactada nos distintos sectores, o **cadro 2.3.3.** indica que o sector servizos mantense como a actividade cunha maior xornada media pactada, con 1.794,27 horas, o que significa unha medra de 21,1 horas respecto ao ano anterior (descendera en 4,5 horas en 2020). A continuación situaríase o sector primario, con 1.780 horas, e o sector industrial, que, tras un incremento de 27,7 horas, presenta unha xornada media pactada de 1.770,10 horas.

A Enquisa trimestral do custo laboral elaborada polo INE reflicte que Madrid mantense como a Comunidade Autónoma co maior número de horas pactadas por persoa traballadora e mes, con 154,9 horas, situándose no último ano Galicia en segundo lugar, con 152,5 horas, adelantando a Canarias e Baleares, con 152,4 e 152,3 horas, respectivamente. A diferenza do acontecido no ano anterior, o sector industrial presenta en Galicia un tempo de traballo inferior á media estatal (164,1 e 164,2, respectivamente), en tanto que a construción, con 166,9 horas pactadas por persoa traballadora e mes, se sitúa como a C.A. con maior número de horas pactadas (164,8 no conxunto do Estado) (**cadro 2.3.4.**).

O número de horas mensuais efectivamente traballadas, entendidas como as realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornadas extraordinarias incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, tras o descenso experimentado no ano anterior, aumenta en Galicia ata as 126,3 horas do ano 2020 (128,2 no ano 2019), 1,1 horas máis que no conxunto do Estado (125,4 horas). Os traballadores e traballadoras a tempo completo teñen en Galicia unha xornada de 140 horas efectivamente traballadas e aqueles que están a tempo parcial de 74,1 horas ao mes, situándose estas cifras por riba da media estatal no primeiro caso (139,4 horas) ao contrario do que acontece no emprego a tempo parcial (75,4 horas).

O **cadro 2.3.5.** amosa que a construción mantense como o sector de actividade con máis horas pactadas, pagadas e efectivas, seguido pola industria e os servizos.

Tendo en conta a devandita evolución do número de horas efectivamente traballadas, o custo laboral total por hora increméntase un 0,4%, acadando un valor monetario de 19,62 euros, o que contrasta co descenso do 0,5% experimentada no conxunto de España (21,73 euros de media). O **cadro 2.2.2.** [*Custos laborais en Galicia e España 2020-21: distribución segundo sectores económicos e compoñentes*] reflicte que o custo salarial ordinario por hora medra un 1,4%, manténdose por baixo da media estatal (12,84 euros e 13,98 euros, respectivamente).

Finalmente, os datos do CGRL mostran un incremento

Tempo traballado nas CC.AA. 2008-21 ⁽¹⁾: distribución segundo sector

	2008				2021			
	Total (2)	Industria	Construción	Servizos	Total (2)	Industria	Construción	Servizos
(en horas pactadas/traballador/mes)								
Andalucía	154,8	164,8	166,9	150,3	148,9	160,4	165,6	145,9
Aragón	156,4	165,6	165,9	151,1	151,7	165,6	164,8	146,4
Asturias	154,4	164,1	166,5	149,3	148,9	162,5	166,1	144,7
Baleares	155,2	162,9	165,0	152,7	152,4	163,7	166,3	149,9
Canarias	160,2	167,1	168,8	158,1	152,3	160,5	166,5	150,7
Cantabria	155,8	163,8	168,0	150,7	151,3	163,0	165,7	147,4
Castela-A Mancha	157,3	166,3	169,4	151,1	149,1	164,4	164,5	143,9
Castela e León	153,3	165,7	168,6	146,8	150,1	163,6	161,8	145,3
Cataluña	156,4	165,5	165,5	152,4	151,4	165,6	164,1	147,6
C. Valenciana	157,3	164,9	165,2	153,2	150,0	165,0	162,8	145,5
Estremadura	156,6	165,9	167,2	152,8	145,6	163,3	165,5	141,6
Galicia	156,4	165,6	168,4	151,1	152,5	164,1	166,9	148,4
Madrid	158,1	165,1	167,3	155,9	154,9	166,1	166,3	153,3
Murcia	154,6	166,0	167,2	148,5	151,3	164,5	163,8	147,0
Navarra	151,7	161,9	163,6	144,1	148,8	163,0	161,6	141,3
País Vasco	151,5	158,7	163,2	147,1	149,1	162,7	160,5	144,6
A Ríoxa	153,7	168,1	167,4	144,0	148,5	165,6	163,6	140,7
Total	156,1	164,7	166,7	152,2	151,2	164,2	164,8	147,8

(1) media dos 4 trimestres do ano

(2) seccións B-S da CNAE-2009

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.3.4.

Tempo de traballo segundo traballador e mes en Galicia e España 2021: distribución segundo tipo de xornada e sectores de actividade

	2021								21/20	
	Total		Industria		Construción		Servizos		21/20	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
(%)										
Horas pactadas										
Ambas xornadas	151,2	152,5	164,2	164,1	164,8	166,9	147,8	148,4	0,7	0,5
Xornada a tempo completo	168,4	169,6	170,5	171,5	170,7	170,8	167,8	168,9	-0,1	0,2
Xornada a tempo parcial	89,7	87,4	92,4	96,0	90,4	94,6	89,5	86,5	2,5	2,3
Horas pagadas										
Ambas xornadas	151,5	152,8	165,0	165,0	165,2	167,3	148,1	148,5	0,8	0,5
Xornada a tempo completo	168,7	169,8	171,4	172,6	171,1	171,3	167,9	168,8	0,0	0,2
Xornada a tempo parcial	90,2	87,8	92,7	96,0	90,4	94,8	90,0	86,9	2,8	2,6
Horas efectivas										
Ambas xornadas	125,4	126,3	135,9	135,7	142,8	142,8	122,1	122,5	6,1	4,4
Xornada a tempo completo	139,4	140,0	140,9	141,6	147,8	145,9	138,3	138,7	4,8	3,7
Xornada a tempo parcial	75,4	74,1	79,4	81,6	80,3	85,1	75,0	73,2	11,5	8,7
Horas non traballadas										
Ambas xornadas	26,5	26,8	29,4	29,6	22,6	24,7	26,2	26,3	-18,8	-14,8
Xornada a tempo completo	29,7	30,2	30,8	31,2	23,6	25,5	30,0	30,4	-17,9	-13,8
Xornada a tempo parcial	14,9	13,8	13,5	14,6	10,2	9,8	15,1	13,8	-27,3	-22,0
Horas extras por traballador										
Ambas xornadas	0,6	0,5	1,2	1,2	0,6	0,5	0,5	0,4	13,6	-13,0
Xornada a tempo completo	0,6	0,5	1,2	1,3	0,7	0,5	0,5	0,3	4,2	-16,0
Xornada a tempo parcial	0,6	0,5	0,4	0,3	0,1	0,3	0,6	0,5	38,9	11,1

Fonte: INE, Encuesta trimestral de coste laboral

2.3.5.

Inaplicacións rexistradas de convenios 2013-21 ⁽¹⁾

	2013		2019		2020		2021	
	Total		Total		Total		Total	
	número	traball.	número	traball.	número	traball.	número	traball.
Total	180	4.166	29	560	12	476	23	576
agricultura	3	43	-	-	1	359	-	-
industria	37	1.875	7	157	2	39	4	344
construción	10	59	-	-	-	-	-	-
servizos	130	2.189	22	403	9	78	19	232
número de traballadores								
0-5	89		11		4		9	
6-30	67		12		6		10	
31-49	7		3		1		2	
50-100	5		2		-		1	
101-250	8		1		-		-	
251-500	4		-		1		1	
máis de 500	-		-		-		-	

(1) estas inaplicacións corresponden tan só a aqueles convenios de ámbito de comunidade autónoma ou provincial

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

2.3.6.

do número de inaplicacións de convenios. Tras o acusado descenso experimentado no ano 2020 (17 inaplicacións menos), Galicia presenta unha medra interanual de 11 inaplicacións de convenios, rexistrándose en 2021 un total de 23 inaplicacións. O devandito incremento conleva unha medra do número de persoas traballadoras afectadas, que ascende a 576 persoas en 2021, cen máis que no ano precedente. Non obstante, en comparación co rexistrado en 2019, mentres que o número de inaplicacións en 2021 é inferior ao de 2019, o número de persoas traballadoras afectadas no último ano supera á cifra rexistrada no ano previo á crise.

Atendendo á súa distribución sectorial, no sector servizos rexistráronse dezanove inaplicacións, superando á industria con catro inaplicacións de convenios, que afectan a 232 e 334 persoas traballadoras, respectivamente. Como amosa o **cadro 2.3.6.**, ao igual que acontecía nos anos 2019 e 2020 non se rexistrou ningunha inaplicación de convenios no sector da construción.

No que ás condicións de traballo que se inaplican se refire, cómpre mencionar que vinte e unha desas inaplicacións se relacionan coa contía salarial, en tanto que en cinco a condición que se inaplica é o sistema de re-

tribución. Asemade, unha inaplicación asóciase coa xornada laboral, co horario e distribución de tempo de traballo e co sistema de traballo e rendemento.

En relación aos efectos das medidas de regulación de emprego, e como consecuencia da crise sanitaria orixinada pola covid-19, dende a declaración do estado de alarma no mes de marzo aumentou significativamente o número de expedientes de regulación de emprego comunicados ás autoridades laborais, e máis en concreto o dos expedientes de regulación temporal de emprego. Así, segundo a estatística de regulación de emprego do Ministerio de Trabajo y Economía Social, o número total de persoas afectadas polos procedementos de ERE en 2020 ascendeu ata as 40.193 persoas, o que supón 8,6 veces máis que no ano anterior (35.501 persoas máis), reducíndose posteriormente en 2021 ata as 1.983 persoas afectadas. O seu peso relativo no conxunto do Estado mantense no 3,9%, cando no ano 2019 esta porcentaxe situábase no 5,3%.

Conflitividade laboral

Os datos publicados na Estatística de folgas e peches patronais do Ministerio de Trabajo y Economía Social

Persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación de emprego autorizados nas CC.AA. 2020-21

	2020 (1)		2021 (1)	
	Galicia	España	Galicia	España
Total	40.193	1.017.789	1.983	51.238
Despidos colectivos	451	8.614	682	14.840
Suspensión de contratos / Reducción de xornada	39.742	1.009.175	1.301	36.398

(1) Consulta: 9-03-2022. Datos provisionais

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de regulación de empleo*

2.3.7.

Folgas nas CC.AA. 2020-21 (1)

	2020 (2)				2021 (2)			
	traballadores participantes	(%)	xornadas non traballadas	(%)	traballadores participantes	(%)	xornadas non traballadas	(%)
Andalucía	7.312	4,8	31.098	5,8	7.296	3,7	18.527	4,4
Aragón	1.988	1,3	9.987	1,8	8.676	4,4	11.092	2,6
Asturias	2.292	1,5	4.600	0,9	1.670	0,8	3.256	0,8
Baleares	385	0,3	1.505	0,3	361	0,2	781	0,2
Canarias	865	0,6	971	0,2	408	0,2	3.193	0,8
Cantabria	811	0,5	996	0,2	896	0,5	4.828	1,1
Castela-A Mancha	223	0,1	2.882	0,5	218	0,1	1.057	0,2
Castela e León	934	0,6	2.226	0,4	4.720	2,4	12.226	2,9
Cataluña	46.747	30,9	299.807	55,5	132.737	66,7	158.712	37,5
C. Valenciana	3.384	2,2	6.897	1,3	3.519	1,8	10.912	2,6
Extremadura	358	0,2	572	0,1	234	0,1	404	0,1
Galicia	6.930	4,6	20.844	3,9	7.300	3,7	17.159	4,1
Madrid	20.954	13,8	60.370	11,2	13.636	6,9	28.930	6,8
Murcia	31.317	20,7	34.650	6,4	1.110	0,6	5.135	1,2
Navarra	1.249	0,8	3.653	0,7	2.130	1,1	5.068	1,2
País Vasco	25.723	17,0	59.377	11,0	14.051	7,1	141.267	33,4
A Ríoxa	-	-	-	-	19	0,0	93	0,0
Ceuta e Melilla	24	0,0	144	0,0	197	0,1	394	0,1
Total	151.496	100	540.579	100	199.026	100	422.815	100

(1) o total de folgas non coincide coa suma das CC.AA. porque a cada provincia se lle asigna, ademais das folgas do seu propio ámbito territorial, as folgas de ámbito autonómico e estatal. Son folgas ordinarias.

(2) Datos definitivos

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social, *Estadística de huelgas y cierres patronales*

2.3.8.

reflicten que tras o acusado descenso do número de folgas, así como de participantes e xornadas non traballadas, experimentado en 2020, no último ano rexístrase unha medra do número de folgas e participantes, acadando non obstante valores inferiores aos niveis previos á crise.

Dunha banda, ao longo do ano 2021 realizáronse un total de 48 folgas, vinte máis que no ano anterior, o que representa o 7,9% das folgas no conxunto do Estado. Atendendo á súa distribución territorial, Galicia man-

tense por detrás do País Vasco, que concentra o 37% das folgas en España, Cataluña (16,2%), Madrid (10,2%), Navarra (9,7%) e Andalucía (8,1%). Con todo, esta cifra aínda está lonxe do nivel acadado en 2019, cando se celebraran en Galicia un total de 96 folgas, o 10,7% do total estatal.


Doutra banda, en paralelo ao devandito incremento no número de folgas, aumenta o número de persoas participantes. Nos conflitos de 2021 participaron en Galicia un total de 7.300 persoas, 370 persoas máis que no ano

Índices de incidencia dos accidentes de traballo nas CC.AA.

2020-21 (1) (2)

	2020	
	Galicia	España
Accidentes con baixa	2.276,2	2.357,6
Accidentes leves	2.506,1	2.431,6
Accidentes graves	40,5	20,0
Accidentes mortais	5,3	3,3

	2021	
	Galicia	España
Accidentes con baixa	2.647,4	2.670,6
Accidentes leves	2.601,2	2.647,7
Accidentes graves	41,4	19,9
Accidentes mortais	4,8	3,2



(1) Índice de incidencia: accidentes x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

(2) Os datos ata 2020 definitivos e os datos 2021 son avance

Índice de incidencia accidentes mortais: accidentes mortais x 100.000 / afiliados a réximes da S.S. coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta

Fonte: Ministerio de Trabajo y Economía Social

2.3.9.

anterior (5,3%). Galicia sitúase como a quinta C.A. con maior número de participantes (3,7% do total estatal), tras Cataluña (66,7%), País Vasco (7,1%), Madrid (6,9%) e Aragón (4,4%). En relación ao nivel acadado antes da crise orixinada pola covid, Galicia presenta unha caída de 13.596 persoas (-65,1%).

Por último, no que ao número de xornadas non traballadas se refire, Galicia rexistra no ano 2021 unha redución interanual do 17,7% (-21,8% no conxunto de España) para situarse nas 17.159 xornadas non traballadas (3.685 menos), o que representa o 4,1% do total estatal. Entre as distintas CC.AA. españolas cómpre mencionar que Cataluña, a pesar dunha redución inte-

ranual do 47,1%, concentra o 37,5% das xornadas non traballadas en España, por diante do País Vasco, que tras unha medra do 137,9% concentra o 33,4%, e Madrid e Andalucía co 6,8% e 4,4%, respectivamente.

Seguridade e saúde no traballo

No ano 2021 ráchase a tendencia descendente iniciada en 2018 do índice de incidencia da sinistralidade laboral, entendido como a relación entre o número total de accidentes en xornada de traballo con baixa e o número medio de afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta. Tras a acusada caída rexistrada no ano

Baixas laborais derivadas de incapacidade temporal nas CC.AA. 2020-21: continxencias profesionais

	Duración media dos procesos con alta no período		Incidencia media mensual por cada 1.000 traballadores protexidos		Número de procesos iniciados no período	
	2020	2021	2020	2021	2020	2021
	(en días / ano)		(¢)			
Galicia	47,89	46,62	3,79	3,81	45.533	46.547
A Coruña	44,50	45,44	3,82	3,78	19.597	20.086
Lugo	58,42	56,61	3,47	3,18	5.017	4.645
Ourense	46,91	44,71	4,09	3,99	5.018	4.885
Pontevedra	48,91	45,85	3,79	4,02	15.901	16.931
Total	37,31	37,09	3,69	3,59	815.415	815.908

Fonte: Secretaría de Estado de la Seguridad Social, *Incapacidad temporal*

2.3.10.

2020, favorecida polas restricións de mobilidade por mor das medidas adoptadas para frear a expansión da pandemia da covid-19, no conxunto do ano 2021 este índice ascendeu ata os 2.647,4 accidentes por cada cen mil traballadoras e traballadores afiliados, cifra este ano lixeiramente superior á media estatal (2.670,6 accidentes con baixa).

Xunto á devandita caída, os datos do Ministerio de Trabajo y Economía Social recollidos no **cadro 2.3.9.** reflicten un descenso do índice de incidencia no caso dos accidentes mortais en Galicia por terceiro ano consecutivo, reducíndose no ano 2021 tamén no conxunto de España. No último ano rexístranse en Galicia un total de 4,8 accidentes mortais por cada cen mil afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (3,1 accidentes no conxunto do Estado), o que a sitúa como a terceira Comunidade Autónoma co índice máis elevado, tan só superada por Estremadura (5,3) e Asturias (5,0).

A evolución das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, **cadro 2.3.10.**, mostra como ao igual que acontecía no ano 2019, o número medio de procesos iniciados en 2021 é superior aos iniciados no ano anterior. Así mesmo, aumenta a incidencia media por cada mil traballadoras e traballadores protexidos.

No último ano Galicia sitúase como a segunda Comunidade Autónoma coa duración media máis elevada de toda España no caso das baixas laborais derivadas de incapacidade temporal por continxencias profesionais, con 46,62 días de media (37,09 en España), tras Cantabria, con 53,01 días. Por último, a duración media dos procesos finalizados en 2021 no caso do réxime especial de autónomos ascende a 145,35 días, a cifra máis elevada de todas as CC.AA. (117,03 días de media en España).

Formación profesional para o emprego

No que respecta ás accións formativas realizadas na convocatoria para o ano 2021, os datos da Consellería de Emprego e Igualdade sinalan que en Galicia desenvolvéronse un total de 1.395 accións formativas, aumentando o número de alumnos e alumnas ata as 18.752 persoas. O orzamento aprobado para a realización destes cursos acadou neste último ano os 43,6 millóns de euros. En relación ao ano anterior cómpre resaltar que tanto o alumnado como o número de accións formativas medra un 15,7% e o seu orzamento aprobado, un 8,5%.

Tal como se observa no **cadro 2.3.11.**, o maior número de cursos están dirixidos novamente a persoas traballadoras desempregadas, fundamentalmente a través da vía ordinaria (Fondo Social Europeo), con 662 ac-

Total de accións formativas (AFS), alumnos e importe aprobado. Convocatoria 2021

	AFS	Alumnos	Importe
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas	226	3.348	7.006.531,90
Accións formativas de formación para o emprego non financiadas con fondos públicos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	84	1.026	-
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas	662	8.817	29.959.752,95
Convenios 2019/20	27	377	-
Convenios 2020/21	46	654	-
Convenios 2021/22	30	369	-
MEP - CONCURSO DE LOTES	49	366	1.236.003,65
MEP - CONTRATOS MENORES	17	200	124.640,50
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN CFP	60	838	2.525.313,42
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN IES	46	583	1.792.511,28
MEP - CONVENIO FERROLTERRA	5	71	144.728,64
Plan de formación para o emprego dirixido prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas	92	1.865	549.141,25
Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo	49	221	256.477,50
Resolucións 2021	2	17	-
Total	1.395	18.752	43.595.101,09

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.11.

Accións formativas (AFS) 2021. Alumnos beneficiarios por sexo e grupos de idade

	Total	Sen datos de xénero	Homes	Mulleres	Total	Sen datos de idade	30 anos ou menos	31-44 anos	45 ou máis anos
Accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas	3.348	3	2.028	1.317	3.348	3	1.625	1.259	461
Accións formativas de formación para o emprego non financiadas con fondos públicos conducentes á obtención de certificados de profesionalidade	1.026	107	374	545	1.026	107	395	307	217
Accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas	8.817	17	4.054	4.746	8.817	15	2.240	3.096	3.466
Convenios 2019/20	377	1	72	304	377	1	86	108	182
Convenios 2020/21	654	1	244	409	654	1	225	152	276
Convenios 2021/22	369	-	104	265	369	-	78	111	180
MEP - CONCURSO DE LOTES	366	2	228	136	366	-	88	128	150
MEP - CONTRATOS MENORES	200	-	75	125	200	-	46	71	83
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN CFP	838	5	481	352	838	3	286	298	251
MEP - CONVENIO DE EDUCACIÓN IES	583	3	407	173	583	2	229	210	142
MEP - CONVENIO FERROLTERRA	71	-	34	37	71	-	66	4	1
Plan de formación para o emprego dirixido prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas	1.865	106	479	1.280	1.865	106	449	836	474
Programa de unidades formativas dirixidas á formación de persoas traballadoras ocupadas en sectores estratéxicos galegos, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo	221	9	173	39	221	9	11	62	139
Resolucións 2021	17	-	12	5	17	-	2	11	4
Total	18.752	254	8.765	9.733	18.752	247	5.826	6.653	6.026

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.12.

Accións formativas (AFS) 2021. Distribución segundo actividade

	Alumnos				Orzamentos
	2021				
	Sen datos de				
	Total	xénero	Mulleres	Homes	2021
Actividades Físicas e Deportivas	332	33	75	224	298.177,50
Administración e Xestión	2.515	83	1.754	678	4.025.370,09
Agraria	202	-	91	111	422.960,14
Artes Gráficas	59	-	31	28	156.424,56
Comercio e Marketing	1.778	16	1.159	603	4.244.374,02
Edificación e Obra Civil	379	4	50	325	1.497.281,34
Electricidade e Electrónica	408	2	43	363	1.857.359,41
Enerxía e Auga	201	2	23	176	855.381,70
Fabricación Mecánica	1.316	3	171	1.142	6.136.677,00
Formación Complementaria	1.263	2	915	346	1.196.010,64
Hostalería e Turismo	505	-	334	171	983.819,19
Imaxe e son	13	-	6	7	43.036,56
Imaxe Persoal	323	39	256	28	583.700,10
Industrias Alimentarias	707	1	292	414	2.270.388,18
Industrias Extractivas	15	-	2	13	-
Informática e Comunicacions	1.856	17	876	963	6.097.921,12
Instalación e Mantemento	209	2	15	192	859.693,97
Madeira, Moble e Cortiza	124	-	29	95	381.875,86
Marítimo Pesqueira	41	-	8	33	112.425,48
Química	12	-	9	3	30.264,00
Sanidade	386	8	190	188	1.187.798,52
Seguridade e Medio Ambiente	311	13	53	245	277.173,60
Servizos Socioculturais e á Comunidade	3.273	25	2.572	676	5.764.531,11
Téxtil, Confección e Pel	15	-	14	1	36.318,00
Transporte e Mantemento de Vehículos	2.509	4	765	1.740	4.276.139,00
Total	18.752	254	9.733	8.765	43.595.101,09

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade

2.3.13.

cións formativas, ás que asistiron un total de 8.817 persoas (47% do total). A continuación situaríanse as accións formativas con compromiso de contratación dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, con 226 accións e un alumnado de 3.348 persoas (16,2% e 17,9%, respectivamente). O importe concedido a estes programas ascendeu a 30 e 27 millóns de euros, o que supón o 68,7% e 16,1% respectivamente do importe total.

Comparado co ano anterior cómpre resaltar o incremento das devanditas actuacións con compromiso de contratación, cunha medra superior ao 50% no caso do alumnado e das accións formativas e do 114,2% no orzamento (3,3 millóns de euros en 2020).

No que ás características do alumnado se refire, o **cadro 2.3.12.** amosa que en torno ao 51,9% son mulleres, situándose esta porcentaxe no 53,8% no caso das accións formativas dirixidas a persoas traballadoras de-

sempregadas (vía ordinaria). No que á idade se refire, o 35,5% do alumnado ten entre 31 e 44 anos, e o 32,1% corresponde aos maiores de 45 anos (31% no caso dos menores de 30). Entre as accións formativas para persoas desempregadas, as máis numerosas, o alumnado cunha idade superior aos 45 anos concentra o 39,3% do total, fronte ao 35,1% no caso das persoas con idades comprendidas entre 31 e 44 anos e o 25,4% dos menores de 30 anos.

Atendendo á distribución sectorial da programación destes cursos, as actividades máis importantes en canto á súa dotación orzamentaria son as de “fabricación mecánica” e “informática e comunicacións”, con 6,1 millóns de euros, por diante dos “servizos socioculturais e á comunidade”, con 5,8 millóns. En conxunto, estas tres actividades concentran o 41,3% do orzamento total e o 34,4% do alumnado que asiste ás distintas accións formativas (**cadro 2.3.13.**). □

